Cultura Popular

Lendas Galegas de Tradición Oral

X. M. González Reboredo

G

galaxia

teca Básica da Cultura Galega

R. 345. LTG
LEN
1
FAC. HUMANIDADES FERROL
M170
NRF 866

Lendas Galegas de tradición oral

COLECCIÓN PATROCINADA POLAS
DIPUTACIÓNS DE GALICIA

Deseño portada:
F. Mantecón e M. Janeiro

1.ª edición, Biblioteca Básica, agosto 1983
2.ª edición, Biblioteca Básica, setembro 1992

I.S.B.N.: 84-7154-455-5 Depósito Legal: VG-271-1992

© EDITORIAL GALAXIA, S.A. - Reconquista, 1 - VIGO

X. M. González Reboredo

Lendas Galegas de tradición oral

BIBLIOTECA BÁSICA DA CULTURA GALEGA

diferente, interesados, sobre todo, en se manter fieles á tradición popular. Este é o espíritu con que está feita a presente escolma, da que é autor o profesor Xosé Manuel González Reboredo.

O lector atopará aquí, xa que logo, unha fermosa colleita de lendas populares clasificadas por temas. Hai nela lendas de mouros, de tesouros e as diversas fórmulas para desencantalos, de mulleres fermosas e de serpes, de don Roldán e Carlomagno, de cidades sulagadas e de héroes cristiáns, de lobos e lobishomes... Unha antoloxía da imaxinación galega, que ten nesta manifestación folklórica un dos seus momentos máis brillantes e admirables.

diferente, interesados, sobre todo, en se manter fieles á tradición popular. Este é o espíritu con que está feita a presente escolma, da que é autor o profesor Xosé Manuel González Reboredo.

O lector atopará aquí, xa que logo, unha fermosa colleita de lendas populares clasificadas por temas. Hai nela lendas de mouros, de tesouros e as diversas fórmulas para desencantalos, de mulleres fermosas e de serpes, de don Roldán e Carlomagno, de cidades sulagadas e de héroes cristiáns, de lobos e lobishomes... Unha antoloxía da imaxinación galega, que ten nesta manifestación folklórica un dos seus momentos máis brillantes e admirables.

INTRODUCCIÓN

1. Consideracións sobre o concepto "lenda"

Cando a mediados do século pasado o inglés William Thoms, co seudónimo de Ambrose Merton, establecía nunha famosa carta publicada en "The Athenaeum" os contidos do que el chamaba *folclore,* estaba a enumerar unha serie de relatos caracterizados pola súa transmisión por vía oral nos sectores xeralmente "non letrados" da sociedade. A carta, que non pasaba de ser eso, é dicir, un mero escrito de incitación ó estudio destes temas, deixaba sen precisar nitidamente a distinción entre os distintos xéneros de literatura de tradición oral.

Esta problemática persiste aínda nos nosos días entre os estudiosos da narrativa popular. O francés R. Pinon destaca como diferencia entre *conto* e *mito/lenda* que estes últimos teñen un carácter máis utilitario e trascendente, transmitindo, en consecuencia, conceptos fundamentais da cosmovisión do grupo social na que se xeran e difunden; pola contra, o *conto* é intranscendente e ten, consecuentemente, un carácter de mera diversión ou entretenemento. Resulta, nembargantes, evidente que moitos contos teñen unha estructura discursiva semellante á de

mitos e lendas, e que a distinción fundamental entre os tres tipos de narracións hai que buscala, como ben podería dicir Propp, na función social que cada relato desempeña, de acordo co valor que lle dean tanto o narrador como os ouvintes. Máis que valorar os aspectos formais do relato, cómpre ver a importancia que desempeña e as claves ideolóxicas que transmite á sociedade. A partir de aí podemos indicar que *mito* sería un discurso que recolle feitos transcendentais e básicos da cosmovisión do grupo social; *lenda* sería un relato no que participan seres ou poderes sobrenaturais, pero que ten unha localización espacial e mesmo temporal, non requirindo o apoio dos rituais máis ou menos complexos que acompañan o *mito;* e, por último, *conto* resultaría ser todo relato sen localización espacio-temporal e sen carácter transcendental. Esta distinción non implica, por suposto, unha xerarquización ríxida da narrativa oral nas sociedades non urbanas; pola contra, todo enfoque antropolóxico, e non meramente literario-formalista, dos temas aquí enumerados ten que pasar forzosamente por valorar o conxunto da narrativa popular de acordo con principios de tipo simbólico e sociolóxico. A análise así levada a cabo pode obter resultados con validez científica de *contos* e *lendas* indistintamente.

2. O estudio das lendas en Galicia.

Con precedentes en tempos anteriores ó presente século, como poden ser as aportacións de Murguía, o estudio e clasificación das lendas galegas encomenzou a abordarse cientificamente no presente século polos investigadores do *Seminario de Estudos Galegos* (Risco, Bouza-Brey, Cuevillas, Fraguas), así como polos continuadores desta tradición (Taboada Chivite, Chao Espi-

ña, Leandro Carré). Como resultaría oneroso facer nesta obra de divulgación unha enumeración polo miúdo das aportacións de todos os citados, ímonos deter en dúas que, ó meu xuício, son boa mostra do camiño andado.

a) Vicente Risco ocupouse do tema da clasificación das lendas no seu *"Ensaio dun programa pró estudio da literatura popular galega"*, 1928, e tamén no que poderiamos chamar o seu testamento de investigación etnográfica, contido na aportación que fixo ó tomo I da *Historia de Galiza* dirixida por Otero Pedrayo (Bos Aires, 1962). No primeiro dos escritos, Risco clasifica as lendas dentro do que chama *épica popular en prosa,* distinguindo tres tipos, que manterá tamén no segundo:

1-*Etiolóxicas,* destinadas a explicar a orixe dunha cousa ou dun feito. A lenda de *Xurenzás* que recollemos na escolma pode ser un bo exemplo deste grupo.

2-*Haxiográficas,* que reflexan algún feito lexendario da Virxe, dos Santos ou do mesmo Xesucristo.

3-*Históricas,* que destacan algún feito do pasado histórico reinterpretado a nivel popular. Entre elas diferencia o gran etnógrafo ourensán as que teñen unha fonda raíz popular, como as que se refiren a Carlomagno e ós Doce Pares de Francia, e outras de orixe dubidosa e de relativamente escaso arraigo no conxunto do pobo. Neste segundo grupo entrarían relatos referidos a Hércules, o rei Brigo ou Breogán, etc. Todos eles, arrincados de vellos cronicóns ou de creacións literarias diversas, representan un intento romántico e post-romántico de crear unha mitoloxía galega para contribuír con ela a afirmar a personalidade diferenciada do noso país, intento que non callou no mundo tradicional de cultura oral, que as ignorou ou recibiu en cativa medida.

b) Nos anos sesenta publicou Leandro Carré o seu libro *"Lendas tradizonaes galegas"*, que gozou de gran éxito gracias á traducción ó castelán que delas se fixo. O autor recorre a unha clasificación das lendas en cinco grupos (populares, relixiosas, fantásticas, históricas e romancescas), pero despois de proceder á lectura dos relatos incluídos en cada apartado, compróbase como varios deles serían facilmente incluíbles noutro grupo, o que pon de manifesto o aleatorio da clasificación. Outro problema que plantexa a colleita de Carré é que as súas versións, sen deixaren de basearse na tradición popular, presentan evidentes recreacións e explicacións do autor que impiden moitas veces clarificar onde comenza o verdadeiramente tradicional e onde remata a aportación persoal. Trátase, sen dúbida, dun importante material literario, pero con mermado valor etnográfico por mor do devandito.

Cómpre destacar que tanto Carré como Risco se preocupan de establecer as características xenuínas das lendas galegas, diferenciándoas doutras, especialmente as de Castela. Responde este intento a un desexo derivado, por unha banda, do método histórico-cultural (practicado especialmente por Risco e pola ciencia do seu tempo en xeral), e, pola outra, do diferencialismo galeguista que inspira a ámbolos dous autores. Risco, no traballo de 1928, remite o conxunto da nosa literatura tradicional a un espírito céltico coas seguintes verbas:

..."Os máis letrados atopan sempre que esas características de sentimento e pensamento que aparecen na nosa literatura sabia e popular, aseméllanse o máis posible ás que os escritores antigos e modernos dan como distintivas da alma céltiga".

Cando Risco escribía estas liñas estaba embarcado

plenamente nunha reconstrucción da personalidade cultural e política de Galicia centrada na presunción de que existía un decisivo aporte celta e unha clara vocación "atlántica" na base da nosa cultura. Máis tarde suavizará, a súa postura, recoñecendo nun traballo seu dos anos corenta que o home galego tamén é un "homo infimae latinitatis", afirmación que cremos se aproxima un pouco máis a unha auténtica valoración da cultura galaica.

Afirmación de celtismo atopamos tamén nos comentarios de Carré, quen afirma solemnemente o seguinte:

"¿Que cultura mostran as lendas galegas? ¿Que sicoloxía, que ideas predominan no íntimo do ser do pobo galego?

Non me cabe dúbida que é unha cultura nórdica de tipo céltico".

Reduccións coma esta, coidamos que teñen hoxe en día pouca importancia real á hora de valorar o noso pobo dende os parámetros da Antropoloxía Cultural, sen prexuízio de recoñecer a existencia de aportacións celtas no pasado. Pero nin o lexendario doutras terras da península é tan realista como afirman este e outros autores para diferencialo do galego, nin os nosos relatos lexendarios responden estrictamente a un mundo céltico no seu conxunto.

3. *Criterios de selección da presente escolma.*

Deixando polo momento a discusión sobre o espírito que inspira ás lendas de Galicia, trataremos de concretizar os criterios que nos levaron a efectuar a presente escolma tal e como está, así como perfilar, ben que con brevidade e fragmentariamente, posibles enfoques no estudio desta temática. Comencemos polo primeiro.

Sendo as lendas que nos interesan aquelas reflexadas en relatos centrados nun lugar, con personaxes concretos e transmitidas oralmente nun mundo non urbano, esencialmente labrego, vímonos na obriga de non incorporar importantes aportacións literarias que supoñen unha reelaboración dos temas, publicando incluso en ocasións os seus contidos en castelán, lingua non normal no medio galego tradicional. Varias recopilacións sofren destes defectos para conseguir os nosos obxectivos, aínda sen negarlles un valor literario e informativo importante; sirva como exemplo a feita por Pedro de Frutos e de recente publicación.

Pola contra escollemos un conxunto de versións recollidas directamente do pobo e centradas en temas de *mouros, encantamentos, tesouros* e *cidades asulagadas,* das que dispoñemos abundante material en publicacións de membros do *Seminario de Estudos Galegos,* en datos publicados na revista *Nós,* e en estudios e monografías diversos que seguen unha pauta etnográfica, é dicir, de transcrición minimamente fiel dos datos de campo, como poden ser algunhas lendas reflexadas na magnífica recopilación *"Contos populares da provincia de Lugo",* feita polo Centro de Estudios Fingoy.

Aínda que este foi o noso norte orixinario, atopámonos, nembargantes, con relatos de enorme interés antropolóxico que non dispoñían de versións axeitadas ós nosos fins. Nestes casos botamos man do texto que nos pareceu máis fiable, ou cultural e literariamente máis rico, se ben recoñecendo o seu carácter pouco xenuíno. Neste caso están versións como a que damos da *lenda dos Mariños,* sacada seguramente de vellos nobiliarios, ou a da *Virxe do Cristal,* que é unha reelaboración debida á pluma de Leandro Carré, como el mesmo indica.

É necesario tamén facer outras excepcións, tal a presencia da *lenda de San Amaro o Peregrino* en versión de segura tradición popular oral, recollida polo ilustre escritor galego E. Carré Aldao. Non hai dúbida de que saíu da boca do pobo, pero, como ben sinala Filgueira Valverde, "revela una construcción tan erudita que más bien que versión folklórica semeja adaptación popular de alguno de los pliegos de cordel que con la historia de San Amaro corrieron por la península". Fixemos esta excepción porque, se ben mantemos como criterio básico da escolma que os textos sexan de segura raigaña na cultura tradicional galega, non podemos por menos que recoñecer, con moitos especialistas do *folclore,* que os fenómenos popularizados poden chegar co tempo a xeralizarse e mesmo a se integrar na cultura tradicional de xeito practicamente estructural. Esta versión de San Amaro non deixa de ser un bo exemplo de relato que puido estar neste camiño.

Queda, como sempre, un tanto de arbitrario nos criterios de selección e ordenamento seguidos por nós. Por iso nas páxinas que seguen, nas que trataremos de aportar datos e interpretacións que axuden a entender as lendas da escolma, veremos como se pode botar man de textos incluídos moitas veces en apartados distintos, pero que permiten unha explicación conxunta por riba dos personaxes que conteñen e por riba dos temas que tratan.

4. Do como e por que dos mouros encantados

Hai na escolma un primeiro feixe de relatos que clasificamos como *"lendas de mouros"* porque nelas aparecen con este nome (por veces co de *"señores"* ou simplemente *"encantos")* uns personaxes que forman algo así como unha "raza mítica" que habita os nosos monu-

mentos prehistóricos ou mesmo outros lugares da paisaxe rural. Moitas destas lendas poderían encaixar dentro das *etiolóxicas* ou mesmo as *históricas* da clasificación risquiana. Pero en conxunto apuntan cara a unha concepción social da que trataremos de deseñar a xustificación.

O tema dos *mouros míticos* foi tratado xa hai anos polo varias veces citado Vicente Risco no seu traballo *"Os mouros encantados"* (Nós, 1927). Alí, botando man da comparación etnográfica e histórica con outras terras europeas, Risco encontra claras relacións entre os nosos *mouros* e outras razas míticas de Europa (*elfos, lutins,* etc.). Pero, ¿por que aquí se lles chama *mouros?*. Sen dúbida non se trata de auténticos muslimes no senso histórico estricto; baste recordar que en certos relatos estes *mouros* se aprovisionan de carne de porco e de viño, e que moitas das *mouras* que incluímos no segundo apartado da escolma teñen os seus cabelos loiros ou son brancas de pel, lembrando máis as *"fadas"* do folclore europeo que as mouras propiamente ditas. Parece evidente que en Galicia (do mesmo xeito que noutras terras peninsulares) se asimilou o *mouro* co *"outro"*, co *"extraño"* e co *"antigo"*, converténdose os nosos mouros nunha especie de "tribo máxica" á que se lle atribuíron fenómenos supranormais, lugares que requirían unha explicación polo que toca á historia popular (como castros e mámoas), ou temas lexendarios que circulan polo mundo rural dende a Idade Media. Sen deixar de recoñecer que este horizonte histórico recolleu elementos de tradicións anteriores, non podemos hoxe aceptar integramente a idea defendida por Risco (e por outros etnólogos do seu tempo, como Cuevillas e Bouza-Brey) de que detrás dos *mouros* está o recordo dos habitantes prehistóricos de Galicia, que perderían o seu orixinal nome en virtude da

"lei de transposicións" de R. Rosieres, quen establece que os feitos e fazañas dos "héroes" antigos son transferidas a novos personaxes, neste caso a mourindade. "Supervivencias" deste tipo, moi do gusto da etnografía de tendencia historicista, necesitan hoxe de revisión á luz do enfoque social.

En efecto, se partimos do principio de que toda sociedade conserva os feitos de cultura non soamente por inercia do pasado, senón tamén, e sobre todo, porque lle serven para algo, non podemos por menos que tratar de buscar na propia sociedade rural galega as claves de explicación do noso lexendario, sen que isto supoña necesariamente renunciar ós antecedentes históricos que contribúen a clarificar o asunto.

A partir da Idade Media, e con cambios importantes, pero non decisivos, vaise perfilando en Galicia, coma no resto de Europa, unha sociedade agraria que mantiña a súa supervivencia coa explotación do medio ecolóxico por medio dunha técnica baseada na forza de traballo humano e animal principalmente, creando o que Wolf chamaría un "ecotipo paleotécnico". Nesta sociedade as comunidades campesiñas non eran independentes, senón que estaban suxeitas a outros segmentos sociais cos que formaban un *continuum* sociocultural. Feitos da vida socioeconómica, como a protección militar, ou o cobro de tributos que supón extraer da comunidade parte da súa producción, e feitos pertecentes ó mundo das crencias, como os actos da relixión oficial, que trascendían o poder decisorio do labrego, convertían a sociedade campesiña nunha "sociedade a medias", como diría Kroeber. Desta situación deriva un dualismo, labrego (inferior)/ non labrego (superior) que forzosamente ten que se reflexar na tradición oral.

Se observamos en xeral as lendas de *mouros, mouras* e mesmo as de *tesouros,* atopámonos cun feixe de contraposicións, algunhas das máis importantes das cales recollemos a seguir:

Labregos	*Mouros*
—Actividade fundamentalmente diurna.	—Actividade moitas veces nocturna.
—Vida normal na aldea.	—Vida subterránea ou en lugares especiais, sempre fóra da aldea.
—Actividade económica baseada no medio agrario (labrar, coidar gando...).	—Posesión de tesouros e riquezas, incluso agrarias, sen especial esforzo.
—Son cristiáns.	—Non son cristiáns.
—Non teñen poderes especiais (a non ser que algún mediador, xeralmente non labrego, llelos facilite).	—Teñen poderes especiais.

Estas e outras contraposicións parecen apuntar á idea de que os *mouros* son, en boa medida, unha simbolización extrema do *non labrego.* Certo que algún rasgo específico, como o de que os *mouros* non son cristiáns, non é aplicable ós sectores sociais non labregos da nosa cultura, pero non nos parece errado interpretar esta aparente falta de lóxica polo feito de que aquí o labrego se identifica co cristián por exceso etnocéntrico, esaxerando así a contraposición. Non debemos de esquencer que en varios relatos recollidos da tradición oral, ó lado do no-

me de *"mouro"* ou *"moura"* aparecen tamén os de *"señorito/a"*, *"dona"*, *"señor/a"*, termos todos eles aplicables polo xeral a persoas que non pertencen á comunidade labrega.

Seguindo esta liña interpretativa, cabe destacar que ámbolos dous segmentos sociais, labrego e non labrego, están en situación de interdependencia, aínda que esta sexa xeralmente asimétrica. De aí que moitas lendas recollan relacións, as máis das veces desavantaxosas para o labrego. Así, na lenda da *"Parteira de Nine"* (que ten curiosos paralelos na Bretaña francesa), o *mouro* recorre a unha muller para que o axude no nacemento dun neno. E noutros relatos reproducidos nos primeiros apartados da escolma os *"mouros"* e *"mouras"* piden servicios diversos, como é levarlles productos do campo, ou catarlles o pelo, ou entregarlles porcos. Moi reveladora, neste senso, pode ser a *lenda do castro de Marcelle,* porque nela aparece a feira, o lugar máis importante para intercambios económicos fóra da comunidade local. Centro de reunión de xentes de distinta procedencia e situación socioeconómica, a feira pode ser, e disto é este relato un exemplo, marco propicio para situar as aparicións dos *mouros.*

5. Dos tesouros e das fórmulas de desencantamento.

Segundo os datos recollidos polos etnógrafos galegos, o noso país resultaría ser un dos máis ricos da Terra, de ser efectivamente certas tódalas referencias que a tradición popular puxo ó seu alcance. Cómpre destacar que tódalas informacións que coñecemos refírense sempre a riquezas non industriais, principalmente o ouro, o que era de esperar nunha sociedade tradicional e pre-industrial como a rural de hai ben poucos anos.

Dende o punto de vista simbólico xeral, o ouro que aparece como mostra de poderío económico nas nosas lendas ten, segundo Elíade, un valor de imaxe do sagrado, da realidade perfecta, e o triunfo sobre dos seus gardadores equivale á conquista da inmortalidade. Os sicoanalistas, pola súa parte, interpretan o ouro (e a súa aparición baixo formas residuais de carbóns ou similares) como un copro-símbolo da líbido anal-sádica. Pero todas estas explicacións convén centralas, unha vez máis, nun contexto social que trataremos de perfilar nos párrafos seguintes.

Non hai dúbida que a idealización dos monumentos antigos ou doutros lugares específicos ¿como puntos propicios para obter riqueza pódese desenrolar con facilidade nun contexto social no que a vida, no límite da mera supervivencia, provoca unha anguria de desafogo e un conseguinte desexo de saír dela. O antropólogo norteamericano Foster, especialista en sociedades campesiñas, chegou á conclusión de que os labregos paleotécnicos teñen unha visión dos seus universos social, económico e creencial dominada por un modelo que responde a unha "imaxe do ben limitado". Segundo este modelo, tódalas cousas boas para o home (terras, saúde, riqueza...) existen en cantidades limitadas que chegan insuficientemente para todos. Por iso, cando alguén intenta mellorar a súa situación, só pode facelo de dous xeitos: dentro do segmento de cultura en que vive, a base de mermar as posibilidades dos seus veciños; e fóra del (non esquenzamos que a sociedade labrega vive dentro dun mundo que a trascende), gracias a un patrono humano ou sobrehumano que facilite medios extraordinarios de melloramento do nivel social. De aí que as xentes acudan a explicar por medio da imaxe do tesouro (riqueza extraordinaria), ou

da axuda dun *mouro* (patrono extraordinario) aqueles casos de enriquecemento, ou mesmo de mera formación dunha nova unidade familiar, feito que está tamén ben representado na presente escolma.

Pero resulta sempre dificultoso conseguir esas aportacións extraordinarias que rompan o equilibrio socioeconómico. Se ben nalgúns casos os relatos lexendarios teñen un final feliz, o certo é que as tendencias sociais centrípetas e intragrupais tenderán sempre a evitar a ruptura da situación económica da comunidade. Esto sucede na vida normal da aldea, na que os atrancos para que un veciño supere a súa situación son verdadeiramente importantes. E non podía deixar de ser do mesmo xeito nos textos lexendarios. A trabe de alquitrán que acompaña á de ouro non pasa de ser unha advertencia do perigo que poden correr aqueles que intenten apoderarse da segunda. Os tesouros están, as máis das veces, rodeados de múltiples protectores e de incontables simulacións que provocan o fracaso na súa conquista.

Se a sociedade campesiña fose unha sociedade autónoma e pechada, probablemente as lendas de tesouros non existirían, polo menos coas peculiaridades que lles son propias. Pero, segundo viñemos sinalando, segmentos non estrictamente labregos poden actuar de intermediarios que axuden na consecución da prosperidade real, e tamén, engadiremos nós, na apropiación de bens ideais. Xorden así mediadores que lle permiten ó campesiño establecer contacto con ese mundo que o trascende. Os máis dos mediadores que atopamos nas lendas son os mesmos que funcionan na vida real do labrego. O *crego*, que ten un rol específico de intermediario entre o mundo natural e o sobrenatural (e entre o mundo labrego e non labrego tamén) intervén en desencantamentos cos seus

poderes sacros (libro relixioso, auga bendita...). Así mesmo, a *sabia* pon as súas artes adiviñatorias nalgún caso ó servicio deste fin. Un importante instrumento de mediación, manexado sempre por determinadas persoas é o *"Libro de San Cipriano"* ou *"Ciprianillo"*, libro de maxia que circulou con certa frecuencia polo agro galego en versións diversas, as máis delas portuguesas. Pon Risco a orixe deste libro no século XVI, sendo o seu suposto autor "Beniciana Kabino, Rabino Hembra", nome deturpado de "Antonio Venitiana del Rabina", a quen pertence a redacción do famoso libro de bruxería en francés *"Le Grand Grimoire"*. As distintas edicións que del coñecemos teñen todas, xunto con fórmulas de desencantamento, un *"Roteiro de tesouros"* que comprende máis de cento corenta lugares de Galicia onde se asegura están as riquezas ocultas. Os topónimos utilizados no *"Roteiro"* son xenéricos na toponimia galega, polo que resulta fácil identificalos con calquera lugar de calquera parroquia. Nun segmento social con cultura de tradición oral, a valoración do libro como fonte de poderes extraordinarios resulta evidente. O *"Ciprianillo"* non será só un libro máis, senón o libro por antonomasia, escaso en cantidade e utilizado por unha minoría que intenta non só posuílo, senón comprendelo.

Moito queda aínda por explicar das nosas lendas de tesouros. Un dos símbolos para os que non contamos aínda cunha explicación satisfactoria é o da lenda da *galiña con pitos,* da que recollemos dúas versións na escolma. Tema moi repetido sempre aparece asociado a un tesouro, sendo nalgúns casos a pita e os pitos o propio tesouro, e noutros sinxelamente un indicativo de que alí existe riqueza. Preocupáronse do asunto algúns investigadores, pero, repetimos, non podemos actualmente, aclarar o seu significado en profundidade.

6. Suxerencias sobre os relatos de encantos femininos e de serpes.

Os seres femininos das lendas galegas caracterízanse, agás excepcións, por ser moi fermosas, pero sempre están rodeadas de mecanismos defensivos que trabucan calquera intento de apropiación. Nas máis das lendas o humano (labrego) comete o erro de confiar parte ou toda a posibilidade de relación coa muller "fantástica" á súa propia muller, o que provoca un fracaso total ou parcial da súa tarefa. Así sucede co tema dos tres moletes ou queixos, nos que unha das mozas encantadas nun lugar non pode saír, ou faino coxeando porque a muller de quen debía desencantala utilizando os moletes arrincara un anaco dun dos tres; o ser parcialmente inútil é sempre un elemento que se atopa entre dous mundos porque o seu defecto físico o sitúa a metade de camiño dun ou outro universo, pertencendo, consecuentemente ó mundo real e ó fantástico á vez de forma incompleta.

Digna de glosar é tamén o tema da *moura* que mostra unha tenda a un humano para que elixa entre os obxectos que nela ten. A elección dunhas *tixeiras* supón a inmediata ruptura de relacións en todos os exemplos por nós coñecidos. A tixeira é un simbolo asociado ó destino, pois con elas se pode cortar o fío do devir e, por iso, provocar o fracaso de quen as elixa.

Pero quizais a máis interesante —e mellor estudiada— das asociacións que atopamos nas lendas galegas é a da *moura* coa serpe. En numerosas ocasións o ser feminino que se aparece ó humano remata cobrando forma de temible reptil, sendo necesario desfacer o encantamento para conseguir os favores ou as riquezas da *moura*. Como ben ten sinalado Mircea Elíade, a asociación muller-serpe está testemoiada en Europa dende o

Neolítico; o triunfo do "héroe" varón na proba supón a victoria contra as forzas do mal e a conseguinte conquista da felicidade. A serpe é, nestes casos, símbolo do infrahumano, do extra-cultural, que só co proceso de integración derivado da superación da proba polo protagonista (cando o consegue) trócase en ente verdadeiramente cultural baixo a forma de muller fermosa.

Non sempre as serpes lexendarias de Galicia están asociadas á muller; algunhas como a de Troña, ou a das versións do monte "Cova da Serpe", son en realidade dragóns, símbolo do mal e do pecado, que tiveron ampla difusión na literatura culta e popular a partir do cristianismo medieval. En Galicia contamos cun importante testemoio literario deste asunto na lenda da traslación dos restos do Apóstolo Santiago, recollida no libro III do *Codex Calixtinus,* redactado no século XII. Alí, e en relación co engano da Raíña Lupa, dísenos que os discípulos que traían os restos do Apóstolo toparon no chamado Monte Ilicino (identificado comunmente co Pico Sacro) cun enorme reptil que tiña aterrorizados ós veciños, e que tiveron que destruílo utilizando o símbolo da cruz. A versión calixtina, con antecedentes documentais citados por Cuevillas e Bouza-Brey, vén a confirmar o que temos insinuado de que moitos dos aspectos do noso lexendario teñen nítidos paralelos nas ideas que circularon por Europa a partir da Idade Media, ideas que conformaron un modelo de sociedade cristiá baseada nunha tradición bíblica na que, ben sabido é, a serpe foi símbolo do mal, do pecado, do *Demo* en definitiva.

7. Roldán, Carlomagno, a cidade asulagada e os héroes cristiáns.

Na mesma liña de enraizamento nunha tradición cristiá están as lendas que aluden a personaxes da épica fran-

ca. A peregrinaxe a Compostela trouxo consigo a introducción destes temas que se popularizaron axiña. Se as serpes teñen un claro antecedente literario no *Codex Calixtinus,* o mesmo sucede con Carlomagno e os seus cabaleiros, así coma co tema da cidade asulagada. En efecto, o libro IV do *Codex,* ou *Crónica de Turpín,* non é máis que un poema épico verquido ó latín e prosificado, no que aparece librando a Galicia da dominación sarracena o propio Carlomagno, así como a destrucción da cidade infiel por asulagamento en termos moi semellantes ós que utilizan varias lendas desta escolma. A fórmula, tanto nesta versión culta coma nas de tradición oral posterior, consiste en utilizar o simbolismo acuático como forma de purificación e de destrucción do pecado, tema do que se ten ocupado o etnógrafo galego Taboada Chivite. A auga é receptáculo de vida, fonte de fertilidade e instrumento de purificación; a través do bautismo os nosos labregos acceden á categoría de "homes", pois unha das cousas que se utiliza para diferenciar o home do animal é que este "non está bautizado". Pero a auga pode ser tamén un elemento destructor ó servicio das forzas do ben, como se comproba na ampla difusión do tema da humanidade castigada polo Dioivo. Cómpre sinalar, nembargantes, que o cataclismo acuático nunca supón unha destrucción definitiva, pois sempre sobreviven persoas que serán orixe dunha nova humanidade. O novo mundo que rexorde pode, co tempo, recaer no mal, o que obrigará a novos castigos. O tema pode en ocasións ser aproveitado como fórmula de sanción social dunha acción pouco acorde cos principios da comunidade; nada mellor que o relato que publicamos de Maside (Ourense), recollido por Monteagudo a mediados do presente século, para comprobar como a lenda da cidade asulagada serve de marco para sancionar a actitude irreverente dun

técnico que pretende desecar a lagoa contra a vontade divina (e non sería de extrañar que tamén en contra da concepción do entorno natural que tiñan os paisanos).

Tanto nas lendas da cidade asulagada coma nas lengas haxiográficas do apartado seguinte, aparecen como "héroes" da historia, Santos, a Virxe, ou o mesmo Xesucristo. Os personaxes da relixión oficial, por influxo exterior, e por incardinación na estructura social, cobran sempre o valor de patronos ideais, sempre valorados positivamente por un conxunto social que, como vimos repetidamente neste escrito, fai coincidir o concepto de cristián co de home no senso máis fondo da palabra. Relatos como o de San Amaro o Peregrino incardínanse nunha ideoloxía amplamente difundida no medievo, e con importantes reflexos na literatura deste período, como ben ten demostrado o profesor Filgueira Valverde no seu libro *"Tiempo y gozo eterno en la narrativa medieval"*, obra á que remitimos ó lector para non ampliar máis esta introducción, de por si xa longa.

8. Breves consideracións sobre outros temas lexendarios.

Nos dous últimos apartados da escolma que presentamos, aparecen unha serie de lendas de variada temática, entre as que abundan as que supoñen a transformación dun ser humano en animal, cervo nun caso e lobo noutros. A lenda da "Doniña Cerva", en recreación de Leandro Carré a partir dun relato recollido por el en Cervantes, está intimamente ligada a temas romancescos do ciclo artúrico (moi escasos, por certo, na península) segundo demostrou Bouza-Brey nun traballo dedicado ó tema, ampliado despois por unha lúcida análise etnolóxica de Alonso del Real. En relación con ela están todos os exemplos de transformación de ser humano en animal.

Xa vimos o caso da asociación muller-serpe. Ímonos agora deter, sequera unhas liñas, no tema da transformación en lobo, estudiado por Vicente Risco a partir do caso de Manuel Blanco Romasanta, famoso lobishome xulgado en Allariz no século pasado. Deixando a un lado os paralelos do folclore europeo (lembremos o *loup-garou* francés), coidamos que detrás de todas estas transformacións de home en animal salvaxe escóndese unha fonda contraposición entre natureza e cultura. O home, ser cultural por antonomasia, garda no seu fondo actitudes antisociais e anticulturais que o levan a se identificar coa natureza. ¿E que mellor que simbolizar este extremo por medio de transformación en animais que se atopan no límite máis afastado do mundo da cultura, tal o cervo, (pacífico, pero salvaxe), ou, máis aínda, o lobo (agresivo e salvaxe)? Só a mediación dun sacrificio, baseado xeralmente na perda de sangue e a mutilación, poden rematar con tal situación extracultural e facer retornar á persoa condanada por unha *fada* ó seu posto no mundo da cultura dunha maneira definitiva. Nalgún caso este intento de retorno supón a morte, pero non sempre é así, como demostran algúns exemplos desta escolma.

Xa temos dito no apartado 3 desta Introducción que a *lenda dos Mariños* está sacada dalgún vello nobiliario. De todos os xeitos traémola a colación porque repite o vello tema mítico da esposa sobrenatural. Dende a Idade Media a nobreza tratou de xustificar a creación ou o fortalecemento da súa liñaxe en función do matrimonio cunha esposa dotada de poderes ou de cualidades sobrenaturais. O xefe cruzado Godofredo de Bouillón contraeu, segundo a tradición, un matrimonio deste tipo; e, máis tardiamente, do héroe rumano Marco Krajlevic dicíase que era fillo dunha *vila* (ser lexendario feminino

semellante ás nosas *"mouras")* e esposo doutra . A xeralización destas ideas entre a fidalguía tiña a función social de dotala dunhas orixes especiais que xustificaban a súa posición estamental superior. O campesiñado, pola súa banda, tratou de imitar estes temas (como aproveitou na realidade os sistemas de perpetuación da "casa" da fidalguía), e de aí que xurdan relatos como o dos *xacios* do Saviñao, este si, de clara orixe popular.

9. Remate.

Nas páxinas que anteceden intentamos facer unhas isoladas puntualizacións arredor dos temas lexendarios que seguen. Non pretendemos con elas esgotar o asunto, senón insinuar unha serie de camiños que o amante do noso lexendario debe ter en conta. Agardamos con estas verbas deixar esclarecido que non se pode considerar o mundo simbólico que as lendas encerran, como algo susceptible de mera clasificación formal. Dende o *mouro* encantado ata o *lobishome* ou as *xacias* hai un conxunto significativo do que tales personaxes non son máis que partes que contribúen a conformar unha ideoloxía, unha cosmovisión determinada. En definitiva, xulgar os textos desta escolma como unha mera enumeración de formas fantásticas e, polo tanto, irreais, coidamos que non é aconsellable. Hai moito máis que mero goce estético nas nosas lendas.

X.M. GONZÁLEZ REBOREDO.
Compostela, setembro de 1983.

ESCOLMA

A. MOUROS ENCANTADOS

OS MOUROS VIVEN AÍNDA BAIXO DO CASTRO

—O castro é obra de mouros que aínda non hai moito saían ó exterior, pero ó veren xente agachábanse rapidamente debaixo da terra.

"Dentro do recinto do castro hai tanto viño que, se algún día chegase a estala-lo depósito, asolagaría todo o lugar de Vilacaiz".

Ó traballa-las terras co arado, a xente non pode afondar moito porque as casas dos mouros están debaixo e tropezan as ferramentas nos tellados; por iso algunha vez bérranlles:

—¡Ai hom, cerra o arado, non ares tan fondo que me destellas a casa!

(Versión recollida en Vilacaiz-Saviñao-Lugo e reproducida por F. LÓPEZ CUEVILLAS e A. FRAGUAS: *Los castros de la tierra del Saviñao*. III Congreso Nacional de Arqueología. Ed. Institución Fernando el Católico. Zaragoza. 1955. Páxs. 280-281).

OS MOUROS E O PORCO
(Castromao-Celanova-Ourense)

Unha veciña de Castromao tiña un porco que todas as mañás en canto lle abrían a corte marchaba para o castro e non voltaba deica a noite. Desconfiou a veciña se os mouros lle daban mantenza, pois o animal non comía nin miga na casa, e a pesar diso, estaba gordo que daba xenio velo. Mais cando chegou o tempo e a dona quixo facer a matanza, o porco desapareceu da corte e nunca máis soubo del cousa ningunha.

(Versión recollida en SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS: *Catálogo dos castros galegos. Terra de Celanova.* Ed. Nós. A Coruña, 1928. Páx. 19).

LENDA DA "CASA DA MOURA"
(Calvos de Randín-Ourense)

"Era un pobre que ía á mañá cedo para a feira do 12, e ó pasar pola Casa da Moura saíulle un mouro e preguntoulle:

—¿E logo para onde vai?

—Voulle para a feira mercar uns porquiños.

—¿E ten moito diñeiro para os mercar?

—Ai, señor, eu diñeiro téñolle pouquiño.

—Ben, pois vas á feira e mercas dous porcos dos mellores que haxa, e esperádesme alí ti e mais os que chos venden. E despois vou eu e págollelos.

E pasou todo segundo dixera, e o mouro quedouse cun porco e o home con outro.

E entón o mouro díxolle ó home:

—Mira, todas as mañás cedo tráesme aquí medio neto de leite. Ti non chames por ninguén. Déixamo neste sitio sinalado que xa terás nel un peso todos os días. E así segues sempre. E ten tino de non dicir nada a ninguén, que estas cousas non se poden dicir.

E por moito tempo o home levou o leite e colleu os cartos.

Mais a súa muller sempre lle andaba dicindo.

—¿De onde che veñen os cartos? Porque antes non tiñamos case ningúns e agora temos moitos. Ti tes que ter unha amiga que chos dá.

E o home contestáballe:

—Non, muller, non. Ti come e bebe e a min déixame, que eu non teño amiga ningunha.

E ela volvía a porfiar:

—Pois ti tesmo que dicir, que dalgún lado che veñen.

E tanto porfiou e tanto fixo que rematou por llo dicir.

Veu para o outro día á mañá, e o home foi co leite, mais ó chegar ó sitio sinalado, en vez dos cartos atopou un corno cun letreiro que dicía:

"Falaches
Corneaches".

(Versión de F.L. CUEVILLAS e X. LORENZO: *Vila de Calvos de Randín*. Ed. Seminario de Estudos Galegos. Santiago, 1930. Páx. 48).

LENDA DO CASTRO DE MARCELLE
(Vilamarín-Ourense)

"Había neste castro dúas mozas que ían a tódalas feiras que o día 6 de cada mes houbo en tempos de Orbán. Eran moi bonitas e ían sempre moi ben vestidas, só que o coiro dos brazos se lles vía todo e aínda máis, e levaban encolgados cada unha a súa carabeliña, de modo e maneira que os mozos ó velas ten xeitosas andaban tolos por elas, e os máis arriscados atrevíanse a acompañalas, mais ó chegar ó sitio chamado O Salgueiriño, que está preto do castro, as mozas desaparecían sen se saber como e os acompañantes quedaban coa boca aberta.

Un día chegou á feira do día seis en Orbán un señor, e mercoulle unha xugada de bois a un home de Carballedo encargándolle moito que lle termara dela namentres el gobernaba na feira outros asuntos que tiña que gobernar.

O de Carballedo estivo tendo tino dos bois e o señor deu moitas voltas pola feira enriba e abaixo, mais como se fixera tarde, o home pediulle ó señor que o despachara axiña porque xa emprincipiaba empardecer. Pagou o señor a xugada e, ó saber que o vendedor era de Carballedo, díxolle que xa que levaban o mesmo camiño podía axudarlle a traer os bois.

Foron xuntos un anaco e ó chegar ó Salgueiriño o señor petou co pe no chan, que se abriu de súpeto. Entraron todos polo burato e deron en andar por debaixo da terra ata que de pronto o señor lle deu un rempuxón ó home e díxolle:

—Quédate aí nesa esquina.

Dende ela e ben agachado viu como saían aquelas dúas mozas cos brazos recachados e cada unha co seu

coitelo na man. Coidou o home que o seu fin era chegado, mais as mozas saltaron nun dos bois e de seguida o mataron. E despois unha delas deu en cheirar e díxolle ó pai:

—Chéirame a carne de "cristianillo vivo".

Ó que o pai respondeu:

—Non, miña filla, que é a pan cocido.

E para o outro día, á saída do Sol, seica soltaron ó de Carballedo sen lle facer nada de novo".

(Versión de SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS: *Catálogo dos castros galegos, Val de Vilamarín.* Ed. Nós. A Coruña, 1927. Páx. 15).

ENCANTOS DO CASTRO DE CAMEIXA
(Boborás-Ourense)

No medio do socastro hai unha trabe de alquitrán que toupará en labaradas no intre mesmo en que se lle toque.

No castro teñen aparecido moitas cousas dos mouros e tamén animais vivos que son da súa pertenza. Dunha vez un tal Callobre, que é veciño de Cameixa, encontrou unha ola enteira, mais en canto lle quixo botar man desfíxose por si mesma. Os mouros viven no castro por baixo da terra.

Hai xa tempo que un individuo indo ó pe da Casa Grande viu dous homes que baixaban do castro, montados nuns machos grandes e que traían unha becerra e unha cabra. E os dos machos perguntáronlle por un camiño bo para que non tropezaran os animais.

O home, anque de primeira calou, mais despois mostroulles un camiño bo, e entón os forasteiros porfiáronlle para que levase a cabra ou a becerra.

Escolleu a becerra e eles mandáronlle que a levase para a casa, encargándolle moito que non lle tocara ata que estivera nela. Cando chegaron, o home tocoulle e a becerra desfíxose en prata.

(Relato recollido en SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS: *Catálogo dos castros galegos. III. Terra do Carballiño*. Ed. Nós. A Coruña, 1930. Páxs. 10-11).

O CASTRO DE VILAR DE FERREIROS
(Visantoña-Santiso-A Coruña)

"Contan que os da casa de Rozas de Albín viñeron arriba a conta dos mouros que no castro vivian. Nesta casa había un arrieiro e íalles levar viño e outras cousas, e os mouros dábanlle moitos cartos. Como as levaba de noite, a muller sempre lle estaba a preguntar para onde ía co viño e el unha vez dicía a un sitio e outra vez a outro. Mais un día a muller fixo e fixo ata que lle arrincou ó home o segredo de que o viño era para os mouros do castro. Cando ó outro día foi o arrieiro a levar o viño e as outras cousas, non puido entrar, porque falara máis do debido".

(Recollido no libro *"Terra de Melide"*. Seminario de Estudos Galegos. Compostela, 1933. Páxs. 99-100).

LENDAS DO CASTRO DE SANTA CRISTINA
(Incio-Lugo)

Un veciño de Rendar díxonos: "Os meus tíos aínda estiveron cavando no castro de Santa Cristina, pois un home da vila falou cun mouro de Xerusalén que lle dixo que os seus antergos eran do castro de Santa Cristina, e que nel, ó saír o Sol, había que mirar onde marcaba cos raios; alí había unha porta de Bronce que tiña dentro unha chave de ouro, pero había que andar con xeito, pois se os raios do Sol daban nela, queimaríase o que estivese diante".

Máis tarde Alvaro do Benito contou: "Eu e outros fomos a cavar ó castro de Santa Cristina guiados por un libro que tiña Xan do Cardón, que morreu no Brasil, e que tiña notas de todos os castros dos arredores, non atopamos o tesouro, pero si carbóns e lousas con ósos debaixo".

"Santa Cristina era moura, pero namorouse dun branco e traicionou ós mouros, e deuse unha batalla tan fera que ía a auga do río Mao rubia ata Belesar. Por eso o río Mao non ten peixes, senón só troitas".

.....

"O pai de Santa Cristina, que era mouro, cando viu que a súa filla se fixera cristiá, matouna a coitelazos".

(Versión recollida en: XOSÉ MANUEL GONZÁLEZ REBOREDO: *Folklore dos castros galegos.* Grial nº 31. Vigo, 1971. Páxs. 23-24).

ORIXE DE XURENZÁS
(Carballiño-Ourense)

No partido do Carballiño, á parte Norte, hai unha aldea chamada *Xurenzás* nome que, segundo referencias, lle vén dunha heroica loita entre dous mouros que habitaban cada un coa súa familia en dous sitios distintos, mais a pouca distancia.

Un deles coñecíase co nome de *Zas,* e vivía nun monte que chaman a *Peneda do Couto,* onde aínda existen traballos e gravados fermosos de letras descoñecidas.

E o outro habitaba onde chaman *Monte Negro,* onde hai un gran cacho de terreo posto en especiais condicións para un caso de guerra: consiste nunha reunión de murallas de 70 metros de longo aproximadamente, e a distancia da unha á outra é de 2 metros. A simple vista teñen na súa base o ancho de metro e medio e rematan en puntiagudo.

Dise que o segundo mouro tiña unha filla, e o primeiro, ou sexa Zas, chegou a se namorar dela pola súa beleza e nese caso, tratou de mercarlla ó seu pai, mais este negouse a venderlla por ningún diñeiro e foi tanta a furia do pretendente, que en acción de vinganza, "encantoulla". E vendo o pobre pai a situación lamentable da súa filla, mandoulle un "ultimatum" por un escravo, onde lle dicía que se armase e que en nome do seu Deus, saíse ó medio do camiño, onde se xuntaron e loitaron fortemente, quedando Zas como vencedor, o que, colléndoo "airosamente" lle fixo xurar no seu nome que se daba por vencido; ó que contestou: "si, *Juro en Zas* que estou vencido", e de aí lle vén o nome ó dito pobo de *Xurenzás.*

Despois que pasados anos, o pobo era habitado polos

cristiáns, cando xa non se dicía que existían mouros neste país —non sendo os encantados— un dos veciños botou a pastar uns porcos cara ó monte dito *Monte negro* e mandou de gardián un neno, o que se meteu por unha encañada do monte, onde estaba unha manta de millo a secar, e a carón dela, unha vella moura "arrestrelando liño", e un dos porcos foise tranquilamente ó millo; irritouse a vella, e ceiboulle (para matalo) o restrelo, e con tan boa sorte, fuxiu con el cravado o porco, que a toda presa chegou á casa do seu dono, co dito ouxeto cravado. Colleuno o dono, examinouno, e sacou en limpo que era de ouro.

Aínda hoxe, ós sucesores desa familia lles chaman *"os do restrelo"*.

(Recollido por Alfredo González Caíña e publicado en "Nós", nº 5, Ourense, 24-VI-1921. Páx. 16).

A PARTEIRA DE NINE
(Rianxo-A Coruña)

"Unha parteira de Nine foi chamada unha noite por un home descoñecido para asistir nun parto. A parteira receaba ir, mais o home deulle azos e tróuxoa ó Neixón a unha cova onde se atopaba a parida. Asistiuna e voltou para a casa.

Pasado o tempo topou na feira de Noia co home que a avisara aquela noite, e preguntoulle pola muller que ela asistira. O home díxolle:

—E logo aínda me coñeces?

—Coñezo, si señor.

—Pois pecha un ollo.

A parteira pechouno.

—Agora xa non me mirarás máis".

(Versión de F. LÓPEZ CUEVILLAS e F. BOUZA-BREY: *O Neixón*. Boletín da Real Academia Galega. Ano XXI. nº 185 e ss.).

O CASTRO DE PEDROUZOS
(Melide-A Coruña)

"Din que no castro de Pedrouzos hai tres minas ou vigas; unha de ouro, outra de prata e outra de alquitrán; como non se sabe cal é esta, e tocarlle non se pode, pois todo canto hai no arredor se queimaría, non se anda en busca das outras dúas".

"Neste castro había tamén un *señor* encantado, e dunha vez pasou por alí unha muller que daba peito. O *encanto* a quen ninguén vía, chamouna para que dera de mamar a un neniño que el tiña e levouna por unha mina moi longa ata unha casa bonitísima. Despois que lle deu de mamar trouxo o señor unha untura e mandoulle á muller que metera nela os dedos e logo que lle untara os ollos ó neno. Fíxoo así, mais ela case sen se dar conta pasou os dedos por un ollo seu e dende entón vía por el coma os *encantos*".

"Ó outro día era 27 e foi a muller á feira das Cruces de Sobrado e polo ollo que untara viu ó *señor* do castro que ninguén máis vía. En vez de calar e de non facer caso, chamouno anque el non lle falaba".

"Ende outro día a muller foi ó castro e díxolle o *señor*. ¿Con que ollo me viches na feira? Ela mostroulle con cal fora e tiroullo naquel intre".

(Relatado por Xosé Mato, de Pedrouzos, e recollido no libro *"Terra de Melide"*. Ed. Seminario de Estudos Galegos. Compostela, 1933. Páxs. 83/84).

B. LENDAS DE MOURAS

AS MOURAS DO CASTRO DE SOUTELIÑO
(Irixó-Ourense)

"No castro de Souteliño sacan as mouras a asoellar o millo e namentres terman del pentéanse cos seus peites. Cadrou dunha vez que pasara por alí un porco que foi meter o fuciño no soalleiro e entón unha moura para tornalo guindoulle cun peite que se lle prendeu nas serdas".

"Fuxiu o porco para a corte e cando alá chegou viron os donos que o peite que traía agarrado era de ouro".

(Relato de Santiago Bernárdez, recollida en SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS: *Catálogo dos castros galegos. Fasc. III. Terra do Carballiño.* Ed. Nós. A Coruña, 1930. Páx. 9).

A MOURA DO CASTRO DE BAÍNTE
(Vilamarín-Ourense)

"Estaba unha moura asoellando ouro no castro cando acertou a pasar por alí un home de Baínte, que se quedou a ollar para tanta riqueza e dixo:

—Ai ¡Se me dera un pouco!

Ó que a moura respondeu:

—¿Quérelo ós puñados, ou quérelo ós ferrados?

E o home de Baínte exclamou moi pronto:

—Quéroo ós ferrados.

—Pois logo vai axiña busca-la medida.

Correu o home cara á casa, mais cando voltou coa medida o ouro e a moura xa desapareceran.

E o de Baínte laiábase: Se dixese ós puñados, poida ser que arestora algún ouro fora meu".

(Versión de Manuel Rodríguez, recollida por SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS. *Catálogo dos castros galegos. Val de Vilamarín.* Ed. Nós. A Coruña, 1927. Páxs. 9-10).

A MOURA DO CASTRO "AIRA DA VILA"
(Saviñao-Lugo)

"O castro foi construído polos mouros, que deixaron grandes riquezas agachadas. Para buscar estas riquezas, xuntáronse varios homes con mentes de faceren unha mina, pero colleron medo e non fixeron nada.

No castro había moitos encantos; un era unha tendeira que amosaba moitas cousas e desaparecía. Tamén había cobras que saían voando cara ás casas de Rendal.

Hai poucos anos vivía preto do castro unha muller que tiña os porcos máis gordos do lugar e iso que case non comían na casa. Un día a filla da dona foi busca-los porcos e atopounos preto do castro onde unha moura lles estaba dando de comer. A rapaza colleu medo e quixo volverse, pero a moura chamouna e díxolle:

—"Rapaza, vaite para a casa e dille a túa nai que cando mate os marráns ten que darme a metade, que ben llo merezo".

Ó chega-la matanza, a dona dos porcos facía sempre as partillas coa moura dándolle un porco enteiro".

(Versión recollida por F. LÓPEZ CUEVILLAS e A. FRAGUAS: *Los castros de la tierra de Saviñao*. III Congreso Nacional de Arqueología. Ed. Institución Fernando el Católico. Zaragoza, 1953. Páxs. 295-296).

TERESIÑA E A MOURA
(Orbán-Vilamarín-Ourense)

"Unha veciña de Frameán tiña, con perdón, seis porcos e tódolos días lle desparecían sen que a muller soubera por onde lle andaban.

Mais pasou que un día que ía cara a Toldavía, viunos no castro cunha moura que lles estaba a dar millo miúdo. A muller brincouse alá nun instante en procura dos seus animais e a moura díxolle que se lle daba un deles, habíalle de manter oito. Mais a muller, que ía que botaba

lume, contestoulle que non, e a moura deixouna que marchara en paz cos seus porcos.

Pasado isto, a veciña de Frameán mandou unha filla que lle chamaban Teresa, para o monte cos da vista baixa, mais como non voltaran á casa á hora que adoitaban voltar, a muller saíu a buscar a filla e os animais e ía berrando:

—¡Teresiña... Ai, Teresiña!

E como dunha vez berrara dentro do castro, oíu unha voz que saía debaixo da terra e que dicía:

—Unha asada e outra cocida.

(Versión recollida en SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS: *Catálogo dos castros galegos, Val de Vilamarín.* Ed. Nós. A Coruña, 1927. Páx. 11).

SABELIÑA E A SEÑORA DA PENA DA PERRA
(Trascastro-Incio-Lugo)

"Ía unha vez Sabeliña coidando o gado cabo da Pena da Perra e entonces chamouna unha señora para que a peiteara. Cousa que fixo Sabeliña. En pago a señora meteulle no mandil algo e díxolle que non o mirase ata chegar á súa casa. A nena non resistiu a curiosidade e ollou antes o mandil, vendo sorprendida que só contiña carbóns. Arredou con eles e voltou á casa a contarlle á nai o feito. Fixouse entonces que no fondo do mandil quedara un carbón que se converteu en ouro. Volveu correndo onde tirara os demais, pero xa desapareceran. Foi cabo do penedo e a señora colleuna para dentro.

Os familiares de Sabeliña, ao notar a súa falta, subiron ao monte a buscala, berrando polo seu nome, e a nena non contestaba, saíndo de dentro do penedo unha voz que dixo:

—Sabeliña, Sabelón
está frita en aceitón.

Versión recollida en CARLOS GARCÍA MARTÍNEZ e XOSÉ M. GONZÁLEZ REBOREDO: *Casta arqueológica del ayuntamiento de Incio.* Inédita).

A SEÑORA DO CASTRO DE VILAESTEVA
(Saviñao-Lugo)

"Debaixo do castro saía ás veces unha señora, e en certa ocasión pediulle a unha nena que pasou polo lugar que lle mirase a cabeza por se tiña piollos. A nena fixo o que lle mandaba e recibiu en pago un mandil cheo de cousas, co encargo de levalas sen velas ata chegar á casa. A curiosidade puido máis có consello e a nena vendo que no mandil non levaba máis que carbóns tirounos ó chan, deixando unha carga tan inútil. Ó chegar á casa puido ver que un que lle quedara preso no mandil era unha moeda de ouro; daquela, volveu ó lugar onde deixara os outros e non atopou nada".

"Os mouros do castro saían a mercar viño a Vilaesteva e deixaban os cartos nos poios das pipas".

"No castro hai grandes tesouros; sábese isto porque cando tocan as campás de Vilaesteva *resoan alí que parece un milagre".*

Un dos informantes díxonos que antes aparecían *as mouras fiando* e engadiu: *eu non as vin, mais o meu pai aínda as viu algunhas veces.*

Finalmente dixéronnos que no castro hai dúas *trabes,* unha de ouro e outra de alquitrán.

(Versión de Ramón Rodríguez e Lino Álvarez recollida por F. LÓPEZ CUEVILLAS y A. FRAGUAS: *Los castros de la tierra del Saviñao.* III Congreso Nacional de Arqueología. (Galicia, 1953). Ed. Institución Fernando el Católico. Zaragoza, 1955. Páxs. 281-282).

LENDA DA MEDORRA DA BARRELA
(Piugos-Lugo)

..."Un señor chamado O Eirexe Vello pasou unha tarde, a cabalo, polo camiño que vai arredor do castro e apareceulle unha muller coa que trabou curto diálogo. A muller era unha moura e deulle uns cravos para as ferraduras do cabalo e uns carbos, encargándolle que gardase os regalos ata chegar á casa; mais, movido pola curiosidade quixo coñece-lo que lle regalaran e ó velo tirou todo, pero quedaron nos pregues do bolso uns anacos de carbón que o chegar á casa se transformaran en ouro. O señor Eirexe volveu ó sitio onde o tirara, pero xa non atopou nada, polo que perdera unha colosal riqueza, a mellor fortuna de entón".

(Versión recollida por A. FRAGUAS: *Castros de la comarca lucense.* Cuadernos de Estudios Gallegos. Tomo XVII, fasc. 53. Santiago, 1962. Páx. 312).

LENDA DO "POZO BASTÓN"
(Laíño-Dodro-A Coruña)

"Un soldado de Araño foi servir ó Rei a África. Alí falou cun mouro que lle preguntou de onde era e de que zona. Cando llo dixo o soldado, o mouro preguntoulle se sabía onde estaba o Pozo Bastón, que alí tiña el enterradas tres fillas, e que non sabía o que lle daría se llas trouxese. Deulle ó soldado tres bolos de pan e as instrucións que tería que seguir. Chegado á casa, deixou os bolos riba da mesa e ó velos a súa muller cortou unha rabada dun deles. O soldado reprendeuna, pero o mal xa estaba feito. Colleu os pans e foi ó Pozo Bastón; xa alí, botou un ó pozo e saíu unha moza moi guapa. Botou o segundo e saíu outra. Logo botou o cortado e saíu unha terceira moza, coxa, que caeu e arrastrou con ela ás outras dúas. E aínda seguen alí".

(Relato recollido por J.A. PUENTE MÍGUEZ e J.R. RUIBAL DEL CASTILLO: *Castros en el entorno de Padrón (La Coruña)*. Gallaecia. nº 2. Santiago, 1976. Páx. 148).

A FONTE PORMÁS
(Arzúa-A Coruña)

Enteirouse unha muller en Castela da facilidade que había na Fonte Pormás para encantar ás donas e anceiosa de afastar as fillas da súa banda, veu traelas aquí deixándoas encantadas do mesmo xeito que a filla do fidalgo, soamente que a estas ninguén as ollara encantar.

Ficaron soterradas moitos anos sen aparecer a ninguén, deica a vellez de súa nai. A velliña ollando preto a hora da morte e atopándose soa clamaba polas fillas. Un ano foi un mozo de Arzúa ás segas de Castela e falou da auga fresca de Pormás onde tantas veces bebera cando facía as rozadas nas chousas de toxos e silvas. A muller que oíu falar semellante cousa chamou ó segador e dándolle tres bolos de pan pregoulle que con moito segredo os fose poñer na fonte sen que de ninguén foran ollados, dicíndolle cando os pousase:

—Oureíña, oureana,
toma este boliño
que che manda túa ama.

Poñendo os tres bolos gañaría un grande tesouro que gardaban os encantos.

O mozo chegou da sega e fechou os bolos nunha arca do pan, pero a muller ollou un pola fechadura. De mañanciña foi o segador á fonte e pousou os pans dicindo as verbas que lle foran encargadas. Co primeiro saíu unha moza que fuxiu correndo, do segundo saíu outra moza do mesmo xeito que a primeira e no terceiro remexíanse dentro moitas cousas e oíuse unha voz de muller dicindo:

—Temos ser felices, pero por culpa da túa muller doblouse o meu encanto. Leva ese xustillo e ponllo á túa dona.

O mozo agarrou a peza de roupa que lle dera o encanto e marchou camiño da casa. Antes de chegar ó lugar parouse nun souto e pendurou das ponlas dun castiñeiro o xustillo; no intre encomenzou unha lumareda na árbore que abrasou todo, quedando soamente o carozo que inda hoxe fica no sitio.

A moza encantada ficou alí moito tempo sen saír do acougo deica un serán de treboada en que houbo moitos tronos e saíu a moza en figura de *fusil,* ollándoa moitos do lugar sobre das augas.

(Versión de A. FRAGUAS: *As lendas da Fonte Pormás.* Nós. Nº 108. Ourense, 1932).

A MOURA DE ARNOIA
(Ourense)

Nese penedo que hai no medio do río un pouco máis abaixo da primeira ponte, estaba un día unha moura peiteando unha rapaza cun peite de ouro. Pasaron por alí uns segadores e a moura preguntoulles que camiño levaban. Como os segadores lle dixeran que ían para Castilla, a moura díxolles:

—Pois eu teño alá uns parentes e agradecereivos que lles levedes este regalo.

Así o fixeron os segadores, e cando o entregaron, o que o colleu, tan pronto lle botou a man, estoupou e quedou esnaquizado. Cando volveron para Galicia, á familia do que morreu déronlle os segadores unha faixa de seda para un miniño co encargo de que lla entregasen á moura de Arnoia para que esta lla puxese ó seu fillo, e os que a traían regaláronlle unha madeixa de seda moi pequeniña dicíndolle que aquela madeixa non se acababa nunca, e que lle encargase moito á súa muller que cando tecese teas que ningún a vise porque se non acabábase no mesmo momento. Chegaron á Arnoia os segadores e entregáronlle a faixa á moura; esta colleuna e púxolla a

unha cerdeira que estaba chea de cereixas, e naquel mesmo momento a cerdeira estoupou.

O segador que traía a madeixa entregoulla á súa muller, encargándolle moito que ninguén a vise tecer. A muller púxose a facer varas e máis varas de tea e a madeixa nunca se acababa, mais un día estando na cociña tecendo entrou unha veciña, viuna e de repente acabouse a madeixa.

(Relato de Benita Pereira, recollido por CASTOR SÁNCHEZ GARCÍA: *Léendas e supersticiós d-Arnoya.* "Nós", nº 119. Ourense, 15-XI-1933. Páx. 245).

A FONTE DE ANA MANANA
(Ourense)

Preto do cabo do Meimón, seguindo a corrente do Miño, vai un nacente de auga de entre uns penedos, ó lado de arriba da estrada que vai de Ourense para Castrelo. Este manantial, que era a "taberna" dos labregos que ían para Ourense, é coñecido co nome de a fonte de "Ana Manana", nome que tomou dunha popular e vella lenda.

Alá en tempos moi remotos, un dos moitos galegos que ían á sega a Castela ó vir de volta topou no camiño cun señor moi luxoso, o cal lle preguntou ó galego de onde era; este contestoulle que era de Ourense. O señor preguntoulle, entonces, se tiña algún coñecemento do Meimón.

—Todas as veces que lle vou a Ourense co rianxo ou pagar a renda ou a contribución pásolle por alí —díxolle o galego.

Entonces o señor quitando un queixo de catro esquinas, díxolle:

—¿Ti queres ser rico?

—Eu quero, quero; si, señor; pero...

—Pois mira —díxolle o señor— non tes máis que ir ó Meimón, e ó chegar onda unha fontela que hai nuns penedos, ó pe do camiño berras: ¡"Ana Manana"! e á terceira vez hache de aparecer unha muller moi bonita e elegante. Entonces ti dáslle este queixo, e ela hache de entregar parte dos tesouros que alí ten gardados.

—Se non é máis que iso...

—Tes, tamén, que gardar o segredo e ter conta que o queixo lle chegue enteiro, porque senón pódeche traer moi malas consecuencias.

—¡Iso bo é de facer!...

—Pois toma, e fai como che dixen —e entregoulle o queixo e desapareceu.

O noso galego seguiu o camiño para a súa casa, bailando nun pe só de contento... e tremando co medo de se os ladróns lle saían ó camiño e lle roubaban o queixo.

Antes de chegar ó Meimón meteuse por un atallo de cara á casa porque o desexo de abrazar a muller e bicar os fillos sobrepuxaba ás ansias da riqueza. Mais como as mulleres son tan sabichosas, e a del que ó tempo andaba "daquela maneira", antollóuselle saber o que tiña envolto nun paquetiño. El buscou mil voltas por llo non ensinar, dicíndolle que era un encargo que se non podía ollar, que sequera el mesmo sabía o que era; e ata lle prohibiu que o tocara; mais ela, sen sabelo o home, desenvolveu o paquete, e ó ve-lo queixo antollóuselle e arrabanoulle unha esquina.

O home colleu o queixo, sen decatarse do que a muller fixera, e dirixiuse con el de cara ó Meimón. Ó chegar á fontela chamou: ¡"Ana Manana"! e á terceira vez apareceulle unha muller maxestosa, que mesmo semellaba unha raíña con cara de anxo; pero viña furiosa e preguntoulle por que a chamaba. Contestoulle el que lle quería dar un encargo que lle mandaba un home que el non coñecía (e entregoulle o queixo).

—¡Si, home, si; fixéstela boa...! Este é o cabalo que me había de levar a min de aquí: mais ti fuches primeiro á casa e a larpeira da túa muller coméulleme unha pata.

E dicindo isto pousou o queixo no chan e ó instante volveuse un precioso cabalo branco... pero faltáballe unha pata enteiriña.

—¡Olla para aquí...! —díxolle ela— agora teño que quedar aquí para sempre, xunto cos tesouros que tamén a ti che habían tocar... Toma esta faixa de picote e ponlla á túa muller cando sexa para dar a luz: non che podo facer outro regalo —e coa mesma desapareceu ela e o cabalo.

Dispúñase el a marchar para a casa; mais ocorréuselle, primeiro, envolverlle a faixa a unha sobreiriña que alí había, para ollar que ben lle estaba. ¡A bo santo se encomendou! Aínda ben non acabou de lle dar a última volta cando xa ardeu a faixa e a sobreira.

Dende entón a sobreira non volveu a medrar máis; pois din os vellos, que sempre a acordaron tan felosa como aínda se pode ver hoxe.

Esta foi a orixe do nome cabalístico que dende o tempo leva a fonte do Meimón.

(Recollida por ALEJOS ÁLVAREZ NOVOA e publicada en "Nós", nº 39. Ourense, 15-III-1927. Páxs. 15-16).

O CASTRO PEDRO
(Folladela-Melide-A Coruña)

"Un rapaciño de Ordes andaba gardando o gado e ó chegar ó castro apareceulle unha muller cunha tenda, dicíndolle".

—Neniño: *"que cosa es que te gusta más de esto"*.

—Pois, señora, gústanme estas tixeiriñas.

—Ben, ven mañá por elas; pero trae un molete de pantrigo e unha taza de manteca, *que te las he de dar.*

Ó día seguinte, o rapaz foi ó castro e sentouse encima dunha pedra, pousando a taza e mais o molete. Cando quixo erguerse, notou que estaba apegado á pedra, e era que contara na casa o sucedido no monte e non dera tino do segredo que a moura lle encargara.

Chegando a noite, oíu unha voz que lle dixo:

"Neniño, vaite, que teñen moita pena por ti na túa casa".

O rapaz marchou, mais a manteiga e o pantrigo quedaron apegados para sempre",

*
* *

"Neste castro hai tres trabes; unha de ouro, outra de prata e outra de alquitrán que veñen dende o castro de Paradela. Como non se pode tocar a de alquitrán, pois todo estouparía, non se poden coller as outras, que porían rica a toda a veciñanza".

*
* *

"Din tamén que no castro hai unha *señorita* encantada. Remaneceu a historia do encanto porque un indivi-

duo deste país, caera prisioneiro da mourería, alá polas Castillas; mais, un día que nevaba, dixo el: cando acó neva, que fará entre o castro Pedro e o castro de Paradela. Oírono os mouros e entonces preguntáronlle se coñecía os castros que nomeara. Dixo o preso que si, e díxolle un mouro. Vostede podía facerse rico para toda a súa vida se chegara a desencantar o encanto que hai no castro Pedro".

"Para iso deulle o mouro tres moletes e cada un co seu periquete, dicíndolle: Mira non lles crebes ningún destes periquetes, nin lle tires un só bolisco ó pan. Ó chegar ó castro Pedro, colles un dos moletes e tíralo no medio do terreo do castro, dicindo: Aureana, Aureana, toma o bolo que che dá a túa Ana. Bóta-lo segundo e dis o mesmo, e sen variar nin chisco, guindas co terceiro molete".

"Veuse o outro, xa ceibe, á casa e trouxo consigo os moletes, sen lles tocar para nada nin deixar que outro lles puxese a man, mais a súa muller non paraba por saber o que traía no saco, e azoroñou e azoroñou, e por cabo non só viu e apalpou os moletes, senón que a un tiroulle o periquete".

"Cando ó outro día pola mañá viu o home tal cousa, púxose que botaba lume contra a muller. Así e todo marchouse ó castro e dixo todo canto lle mandaran os mouros. Ó guindar co primeiro bolo, saíu unha señora belida montada nunha mula moi chea, que fuxiu coma un lóstrego; botou o segundo molete e saíu outra moza do mesmo xeito. Á derradeira, guindou o bolo espinicado e de súpeto saíu outra señora non menos fermosa, pero montada nunha mula coxa e así non puido fuxir. Enrabeouse moito a moza contra do home porque deixara espinicar o pan e mais porque deixara aquel bolo para

a derradeira, pois, como lle dixo ela, se saíra na primeira, levábana as outras, e así tiña que quedarse soa no castro. Mais, antes de meterse ó fondo da terra, deulle unha cinta dourada para que lla puxera á muller, que lle había de estar moi ben".

"Mais o home fixo doutro xeito e atou a cinta a unha árbore, que nun instantiño quedou feita borralla".

"Dise que un home dos da casa de Fonte-Xoán, leváballe de comer e de vestir, sobre todo carne de vaca e pantrigo, á *señora* coxa que estaba encantada no castro. Ela en cambio deulles moitos cartos, e a conta deles inda din que estudiou a carreira D. Leoncio, capelán de D. Saturnino Calderón".

(Relatos recollidos en *"Terra de Melide"*. Compostela, 1933. Páxs. 77-79.

MOZAS ENCANTADAS DE TEIXIDO
(Cedeira-A Coruña)

Indo polo camiño do cimeterio chégase a onde está a Pena do Encanto, onde hai unha doncela encantada que chama a atención pola súa fermosura, "cun pelo tremendísimo". Tódolos anos, o día de San Xoán, sae ó raia-lo sol e faise visible coa esperanza de que pase algún mozo disposto a desencantala. Naturalmente, a cousa non é doada, porque así como o mozo se vai achegando, a doncela perde fermosura ós ollos de quen a mira e acaba converténdose nun monstro repugnante e espantoso. O valente que ouse mata-lo monstro desencantará á don-

cela, coa que poderá casar e tamén disfrutar dos tesouros da súa esposa, que son moitos; pero polo de agora están tan encantados como a súa dona.

Noutro punto moi próximo chamado Coto dos Fondás, hai varias mozas encantadas. Para velas hai que ir tamén o 24 de xuño, que é cando se ven os encantos.

Así falaba unha vez un pai a seu fillo:

—"Luis, tes que ir á leña, que onte non fuches e se queres ir á festa de San Xoán, tes que ir cedo".

O rapaz madrugou a mañá de San Xoán e foi busca-la leña ó Coto dos Fondás. Estaba recollendo na leña, cando de súpeto viu unha moza moi guapa que estaba ó frente dunha tenda chea de alfaias.

Sorprendidísimo quedou o mozo diante da inesperada aparición e atentamente contemplaba o que na tenda había. Ó fin díxolle a moza:

—"Ben, do que teño aquí, ¿que é o que máis che gusta?

—As tixeiras, respondeu.

Entón a doncela, enrabechada, exclamou:

—¡Con elas che saquen a vida!

Porque a resposta non fora a acertada; o que tiña que dicir é que era ela, a moza, o que máis lle gustaba de canto vía.

Fuxiu o rapaz a todo correr, que nin a leña levou para a casa. A moza segue, o mesmo cás súas compañeiras, encantada no Coto de Fondás. Supoño que na agarda doutra oportunidade.

A razón pola que hai doncelas encantadas nos arredores do santuario é esta: Resulta que sendo elas fillas de nobres familias, negáronse a acepta-los maridos que lles estaban destinados. Por tal desobediencia foron encanta-

das, e desde tempos que xa nin se acordan seguen na mesma situación, ata que chegue o día de seren liberadas do encanto. Se é que chega.

(Versión de RAFAEL USERO: *El santuario de San Andrés de Teixido*. Santiago, 1972. Páxs. 37-38).

O ENCANTO DE DONALBAI
(Begonte-Lugo)

"Unha noite, despois de acabar de tascar o liño, foron dúas mulleres buscar uns feixes de herbas, e estando as dúas falando no campo da romaría, viron saír dúas luces da cova das Penas dos Mouros, e moi aparelladas baixaron polo Portomelle, indo a desaparecer ó Penedo de Gaiosos. Din tamén que a pena lla viron traer na cabeza a unha muller que viña fiando na roca. Tamén din que o tío Xan de Casanova, un día que estaba gardando as vacas na Rechave, viu saír de alí unha pita con cen pitos, e que ó ila seguindo volveu para a cova das Penas dos Mouros, onde viu a muller que trouxo a pena na cabeza, que estaba cosendo e tiña no colo unhas tixeiras tan relucentes que o deixou pampo. Que a muller, ó velo diante, lle dixo:

—¿Que che gusta máis: as tixeiras ou eu?.

—As tixeiras— contestou Xan.

Entonces a muller meteullas nos ollos deixándoo cego para o resto da súa vida.

(Recollido en CENTRO DE ESTUDIOS FINGOI: *Contos populares da provincia de Lugo*. Vigo, 1963. Páx. 347 e ss.)

C. TESOUROS E RIQUEZAS OCULTAS

HABERES DE "O CASTRO"
(Fraga-Lobeira-Ourense)

"Na Porta do Mouro hai moito haber e del sabían o meu avó e outros individuos que dunha vez o foron desencantar levando consigo un crego e mais un "Ciprianillo".

"Chegados ó sitio riscaron un circo no chan cunha cruz no medio e metéronse dentro, e despois o crego fixo no aire unha cruz en cada vento e desconxurou polo libro. E non ben rematou de desconxurar veu do penedo unha grande voz que dixo:

"—¿De que forma queredes que saia?"

"Un dos presentes, que acababa de chegar do servicio, contestou".

—"Saia en forma de militar".

"E apareceu un soldado grandísimo, tan grandísimo que a cabeza pasaba por riba dos cotos máis altos".

—"¿Que queredes de min?, preguntou.

—"Queremos que nos dea da súa riqueza, dixo un".

—"Se queredes diñeiro ide por el ás casas do rei, que o que teño é meu e non volo dou".

"Ó fin, e a poder de moito porfiar, convencéronо de que lles dera algo, mais puxo de condición que lle habían traer un año, branco de todo e sen lixo ningún».

"E como eles andaran a rifar sobre de quen tiña que ir ó pobo polo año oíuse un trono que fixo tremer a terra, escureceuse a luz e desapareceu o xigante".

(Versión recollida en F. LÓPEZ CUEVILLAS e XURXO LOURENZO: *Catálogo dos castros galegos: Terra de Lobeira.* Ed. Nós. Santiago, 1933. Páxs. 14-15).

LENDAS DO CASTRO DE TOLDAOS
(Incio-Lugo)

"Hai unha cadea de ouro dende o castro de Toldaos ó monte de Santa Mariña, e para descubrila ten que ser coa pata dunha ovella".

A un labrego de Reádigos pasoulle o seguinte: "traballando no castro viu como dunhas ruínas saían carbóns e, pensando que era ouro dos mouros, quixo collelos, pero fuxiron polos buratos das ruínas; o remedio para desencantalos era cuspirlles ou mexarlles enriba".

"O castro foi feito polos mouros, falando aínda os mouros de África, ós que van alí facer o servicio, das grandes riquezas que garda".

.....

Unha neniña que ía polo castro viu unha vella coa que repartiu as castañas da merenda. A vella entón le-

vouna a un sitio e petou no chan, e de repente víronse nun palacio onde a vella lle deu un paquete, dicíndolle que non o mirase ata chegar á casa. A rapaza non agardou e mirouno antes, ollando que eran carbóns; tirou con eles, pero ó chegar á casa, un pouco que lle quedara no bolsillo tornárase ouro".

(Versión recollida en: XOSÉ M. GONZÁLEZ REBOREDO: *Folklore dos castros do Incio*. Grial. nº 31. Páxs. 24-25).

A TRABE DE OURO E A TRABE DE ALQUITRÁN

Despois de tomar algún apuntamentos o día 30 de Setembro de 1950 na feira de Carballo, fun xantar nunha taberna que había na estrada preto do campo onde o mercado foi.

Había na taberna varios homes bebendo; pasei adiante deica outro compartimento onde vin catro mesas con bancos de cada banda, e senteime nun deles. Na mesa de a carón estaban comendo dúas mulleres e catro homes; noutra un vello cego co seu correspondente rapaz para lle servir de guieiro e torna cans e mais de compaña. A rentes de min tomaron asento outros dous homes.

Cando vou a calquera lugar, maiormente en pequenas vilas ou aldeas, procuro decote estas sinxelas casas de comidas para eu ir xantar; porque así teño ensexo de escoitar as conversas das xentes que alí adoitan ir, e podo moitas veces coller algunha frase interesante, algunha verba pouco usada xa; algún refrán; algún conto ou referencias de costumes de tempos idos.

Fun xantando a modo e tentando de obter dos meus veciños de mesa, parolando con eles, algunha cousa da que puidera tomar apuntamento. Ofrecinlles un pito e mais un vaso de viño, e díxenlles que eu gustaba moito de contos e historias, e pregunteilles se sabían e querían me contar algunha.

E en efecto contáronme un conto que xa eu coñecía; mais nada dixen, e celebreino como se for novo para min, o que lles praceu.

Mais, nesto, o vello cego que estivera moi atento á miña conversa e ao conto do recitador, dixo:

—Se o señor gusta de contos, podo eu contarlle un que coido halle semellar coma unha desas historias vellas que andan nas bocas do mundo. E mais foi cousa certa, que é en como eu quedei cego de mozo. ¡Xa van alá moitos anos!

—Pois escoitareino, si señor, e estimareillo ben.

Pedía que lle serviran un vaso, e senteime a carón del para escoitalo mellor; e co lápiz na man e unhas llanas de papel diante para facer algúns apuntamentos, dispúxenme a oílo.

O vello reflexionou como revivecendo as súas lembranzas, e logo dixo, falando vagarosamente:

—E, pois, saberá que eu non son desta terra, que son das terras altas da montaña de Arzúa, e dunha parroquia que se chama Santa Mariña de Brañas, que está na encosta da serra do Bocelo. Agora que, dende que perdín a vista, marchei de alí e teño que andar a pedir e correr os camiños todos para poder ir vivindo, namentres Noso Señor sexa servido.

E saberá que preto de Brañas hai dous montes que lles chaman os Castros, e dicíase que naqueles montes hai

un tesouro soterrado; mais é un encanto, o que mora alí no centro da terra, e ninguén pode atopar a porta por onde se entra como llo non diga unha fada que só pode verse ao tempo do sol raiar no abrente da mañá. E disque o tesouro está nunha cova moi grandísima, e que para non caeren os penedos e maila terra que a cobre por riba e todo de arredor, que é o monte todo, hai dúas longas e grosas trabes: unha de ouro e outra de alquitrán.

E que, como a cobiza dos homes é tan desvariada, o mouro quere coutar o que lle rouben os tesouros que alí ten: cousas de ouro e de pedraría, e moita prata en xerros e pratos e cuncas, e que sei eu... E daquela fizo unha trabe de ouro e outra de alquitrán, e o que entrar no grande estrado da cova, en vendo a trabe relucente de ouro quererá arrincala para levala e se facer rico para toda a vida; mais, se tal fixer, un enxeño que ten nos dous cabos reventará e poñerá lume á trabe de alcatrón e daquela todo se afundirá derrubándose enriba do que quixer face-lo roubo e alí morrerá sen que ninguén lle poida valer.

—Ben —díxenlle eu entón—; todo eso é moi interesante e moi curioso; mais, vostede dixo que ía contarme como cegou sendo mozo ¿É que foi tentar de roubar o tesouro do encanto?

—Pois fun, si señor. Eu tiña vintecinco anos; xa voltara do servicio del rei e vira un pouco do mundo; porque tocoume de ir para Barcelona. ¡Ai, non lle temos na nosa terra outra cidade como aquela! ¡É moita cidade! —calou un instante, e logo proseguiu—: E como estivera en Barcelona mais dun ano, e despois quedeime en Madrid servindo máis algún tempo, ao chegar de volta á casa e verme naqueles rueiros de Brañas, pensei: Esto non che é como as Ramblas, nin aquela praza de Cataluña; nin sequera como a calle de Argunosa de Madrid on-

de estiven de criado nunha tenda. E cavilei que tiña de facer algunha cousa que me tirase daquela pobreza e deixar de ser un cirolán...

E voume eu, e un día que pasei a pe do monte do Castro, fixen memoria e cavilei que se era certo que alí había un tesouro agachado, inda podía tentar de ver se algunha cousa viña dar ás miñas mans.

E daquela, ao día seguinte erguinme con noite e fun agardar o alborexar do día no curuto do monte para ver se atopaba a fada do encanto. ¡Voltas que dei de arredor, e veces que subín e baixei o coto! Pero nin vin a fada nin cousa que o parecera. Inda dúas ou tres veces berrei ¡Señora fada! ¡Ouh señora fada!... Mas, foi en valuto; só as pegas marzas responderon ás miñas voces cos seus axiridos.

Entonces cavilei se o tesouro non estaría naqueles montes, senón con certeza que era no que chamabamos "O forno dos mouros", que son unhas grandes laxes chantadas na terra e cubertas con outra máis larga e máis longa que as encobre todas. E está nun outeiro ao pe da mesma serra do Bocelo pola banda de cara a Toques, que é o concello a que pertence a miña parroquia de Brañas.

Outro día achegueime ao "forno dos mouros", e meténdome dentro del porque é como unha cabana de pedra, na que poden acobexarse catro ou seis persoas; e berrei como xa fixera no Castro, chamando pola señora fada. Mais, a fada non se presentou tampouco.

Pois cando a xente fala, é que algo hai —dicía eu para o meu chaleque—; esculcarei por aquí a ver se atopo algunha cousa.

E púxenme a dar voltas dunha banda para outra; e petei fortemente cos zocos no chan derredor da "pena da

moura'', e batín nela cun gavillo que levaba por se o puidera precisar, e todo sen deixar de berrar de cando en cando:

—¡Señora fada! ¡señora fada!

Seguín ollando por alí e, en cabo, vin entre uns penedos a boca dunha cova. Non era moi grandeira e para entrar por ela tiña que me axeonllar, pois non cabía indo de pe. Tan cobizoso estaba de atopar o tesouro, e tan caso e desconfiado de esculcar en valuto que pensei en meterme xa de contado por aquel portelo que vía aberto diante miña; mais, era día claro xa, e o sol alumeaba o campo todo que se albiscaba dende onde eu estaba.

As casas encomezaban a fumegar. Sentía fame e cavilei que mellor era ir en procura do almorzo e voltar alí no día seguinte dunha picaraña que me parecía habería de precisar. Asmei que se non ía traballar como decote, despois preguntaríanme por que non fora, e inda poida que alguén sospeitara calquera cousa que me non conviñera.

E voltei para a casa.

Aquela noite non podía durmir; non tiña sono; como xa atopara o que puidera ser un portelo para chegar deica a cova do tesouro, estiven cismando nas cousas que me puideran acontecer ou nas pexas que me tollerían o camiño que tiña de andar por aquel vieiro subterráneo. Cumpría levar algunha luz; cumpría levar algunha arma; cumpría levar unha corda; unha picaraña.

En cabo chegou a hora e chegou tamén o instante de me ver outra vez diante da burata. Inda que tentaba acouga-los nervos, tremía un pouco e non era pola friaxe, senón que o corazón me latexaba a petoutazos. Non tiña medo; mais, non deixaba de recear tampouco do que puidera me acontecer dentro daquela grande

Por sorte, no acoramento que me afogaba, lembreime da corda que tiña amarrada á cintura; ela podería se-la miña salvación, pois na escuridade en que estaba mergullado, era o único guieiro que tiña para tentar de saír da cova endiañada.

E arrastras, pouquiño a pouco, sentíndome morrer, entrillado e co queimor do lume nas faceiras, fun avantando, avantando, esbarando a cada paso con grandes petoutos que case atuaban o corredor subterráneo polo que tiña entrado, e ía tirando pola corda que me guiaba cara á saída, ao monte, á clarencia da luz do sol, á vida...

Non sei o que tardei ¡foi moito tempo! ¡moito!, mais, en cabo, sentín no rostro o aire ¡aquelo aviveceume! non obstante outra cousa encheume de pavura ¡Inda que tiña saído da cova e atopábame deitado no chan riba das queiroas que alí medraban, sentía unha grande dor, unha ardencia que me queimaba os ollos ¡e seguía como soterrado nas tebras da condanada cova! ¡Estaba cego!

¡Malditas trabes e malditas cobizas!

Así rematou o conto do vello cego, que, para dominar a emoción da relembranza, bebeu dun grolo outro vaso de viño que tiña ao alcanzo da man.

(L. CARRÉ ALVARELLOS: *As lendas tradizonaes galegas*. Porto, s./a. Páxs. 42-46).

O TESOURO DA RECADEIRA
(Mondoñedo-Lugo)

Sobre do chamado Coto da Recadeira, inmediato á cidade de Mondoñedo, no que hai un menhir e sinais de

dolmens e un castro, hai varias lendas e contos de tesouros, motivados polos achádegos de torques, colares e outras pezas de ouro. Cóntase que unha vez, un de Silán, que indo para Mondoñedo púxose a xantar cabo dun penedo ó tempo que nel un paxaro se arreconchegaba, mirou para onde aquel paxaro se metera, e ó non ollar ningún burato nin logueiro, ergueu unha lousica pequena e ao erguela atopou un tesouro de moitos miles. Tanta prata e ouro alí había, que asemade de facerse rico o descubridor, doou toda a prata con que están feitas as cruces parroquiais das igrexas do Valadouro.

Na Recadeira é onde máis tesouros se atopan. Un que lle chaman Cacheiras atopou unha pedra de ouro que lle valeu 22 onzas. Rosende Rubal atopou unha bola e dous bolos. Unha filla do Xaneiro unha pedra coma un puño, que deu a non sei quen, e este, para non devolverlla, díxolle que se desfixera coma barro. O Cabrito un báculo de ouro, polo que lle deron 9.000 reás, e contan que na Exposición de París xa daban máis de 60.000. Era de cerca dun metro de longo, con dúas bolas nas puntas, ocas, e gravada no medio. O fillo de Roxa da Coto topou unha pedra pola que lle deron máis de corenta pesos. Outro atopou un aro coma un peso de ancho, pero non era de ouro.

Unha vez era un veciño de Viloalle, que non sei por onde soubo que en Madrid había un libro que daba conta do sitio onde estaba o tesouro. Mandouno buscar e atopáronlle o libro, e dicía os nomes do sitios tal como hoxe son. Dicía así:

"Pena da Feira, que de ella dase vista a Oirán, o Castelo de Folgoso e Pena Carbeira. Aí hai unha muller encantada ata o ano de 19... (Os anos que dicía o vello que contou este conto non chegaban a 1930). A pena polo

medio ten un furado e no furado un almirez de ouro. A muller chámase Basilisa, e debaixo da pena onde ela está encantada hai unha alfombra e 3.000.000 de ouro. O que a desencante, se e persoa de profesar fe, pódese casar con ela. Para desencantala ten que levar azogue mirlado, unha cruz de cánabo macho, un real de oito cartos e unto de home para dar un baño á pena por onde está o almirez, para que se abra por alí. Tamén ten que levar o libro Cabrícula e Salomones, principiar polo artículo 146, por unhas letras que din: Iurente cun demus, maleficio demum demus. Despois abrirase a pena e atoparase a muller encantada e os miles.

(Versión anónima recollida en "Galiza". nº 4. Mondoñedo, 1932).

O TESOURO DO CASTRO DE TRELLE
(Barbadás-Ourense)

"No Castro de Trelle hai dúas minas, unha de ouro e outra de alquitrán. O que atopa a mina de ouro faise rico, o que atopa a de alquitrán, se non morre abrasado polo seu lume, será para sempre desgraciado e levará a desgracia ós seus parentes e achegados.

Dunha vez un rapaz de Sabucedo, que andaba a gardar o gando, rañou cun coitelo nunha peneda que hai no castro. Así que o fixo púxoselle diante un xigante moi grandísimo, con ollos de boi, que lle contou que na fonte máis preto da cerca había acobillados unha cabra e mais un cabrito de ouro.

O rapaz, aínda que tomou moito medo, contou no lugar o que lle pasara, e entón foron homes que andaron a medir, e viron que a tal fonte era unha que deita nas abas do sur e cavaron alí e non se sabe se atoparon algo ou non''.

(Relatos recollidos en SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS: *Catálogo dos castros galegos. Terra de Celanova.* Ed. Nós. A Coruña, 1928. Páx. 7).

OS TESOUROS DO CASTRO DE MORGADE
(Carballedo-Lugo)

Referíndose á grandeza deste castro e á fartura de construccións análogas que existen preto del, dise:

Castro Morgadán
Ten vintecinco a súa man
Soio o da Magdanela
Lle dá pola barbadela.

''Entre o castro de Morgade e o de Santa Adega hai tres trabes, unha de ouro, outra de prata e outra de alquitrán, que está no medio das dúas. O que lle toque a esta derradeira morre abrasado''.

Antes de cavar en procura do tesouro, os veciños de Castro, consultaron o parecer de varias *sabias.* Non coñecemos a totalidade dos seus dictames, e só dous nos foron referidos. Tódalas consultadas estiveron así e todo conformes na existencia dun grande haber, mais discreparon nos procedementos que habería que pór en práctica para acadalo.

As dúas respostas por nós coñecidas son as seguintes:

Unha sabia de Albán, Peroxa dixo.

"No Castro de Morgade hai un grande tesouro, mais non se poderá dar con el se non se desencanta a unha moura coxa que alí vive".

E outra sabia de Torbeo, Quiroga dictaminou:

"O tesouro do Castro de Morgade é unha trabe de ouro, mais non se poderá atopar se non se desencanta primeiro unha cobra que vive nel.

Para desencantala hai que levar un crego que bote os exorcismos e despois cavar deica atopar a cobra, e en canto apareza cómpre bicala na testa co cal o encanto quedará rematado".

"Un home chamado o Calote de Casares, era o encargado de andar pedindo para a Irmandade da Virxe de Carballedo e nas súas xeiras, que facía sempre de a cabalo chegaba ata Portugal. Dunha vez, estando a botar unha pousa nunha taberna daquel país entrou en conversa con dous señores que lle preguntaron de onde era el. Respondeulles que do concello de Carballedo, na provincia de Lugo e entón os señores dixéronlle se sabía do Castro de Morgade e como el respondera que si, exclamaron: "Vale máis ese castro que toda a Europa e só na entrada hai dous xigantes de ouro de nove pes de alto".

"Un soldado do país estivo recentemente prisoneiro dos rifeños e voltou contando que un deles ó saber que era de preto do Castro de Morgade lle dixera:

De lo mucho que hay allí me contentaba yo con la silla del Rey Moro.

(Versión recollida en SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS: *Catálogo dos castros galegos. Val de Vilamarín.* Ed. Nós. A Coruña, 1927. Páxs. 13-14).

O TESOURO DA ILLA DE ONS
(Pontevedra)

O veciño de 75 anos Xosé López García contoume que estando de soldado na África soubo que un mariñeiro da Arousa escoitou a un mouro falar de tesouros; achegouse a el e o mouro díxolle en segredo que na illa de Ons había unha fonte chea de caracoliños de ouro. Cando voltou cumprido, o mariñeiro aproveitou unha mañá que voltaba de pescar para facer recalada na illa, e procurou a fonte. Encontrouna no lugar mesmo que o mouro dixera. Entón foi a Arousa, fretou unha dorna ben cumprida e de noite voltou para enchela de caracoliños: colleunos a mangados, e íalles soprando un por un, e encheu a dorna de ouro facéndose millonario.

(Relato recollido por ÁLVARO DAS CASAS: *A Illa de Ons*. "Nós", nº 131-132. Ourense, 1934. Páxs. 173-174).

A GALIÑA DOS PITOS DE OURO E O ENCANTO DE LAÑAS

Unha das lendas máis correntes na Galicia é esta de "a galiña dos pitos de ouro". En moitas aldeas onde hai un castro, sá ou croa, pódese oír, con pequenas variantes. Mais, eu vouna referir como ma contou unha muller que viu o encanto polos seus propios ollos, segundo me dixo.

Na croa (enténdase castro) de Lañas (Arteixo, na Coruña), hai unha morea de penedos entre os que mora dende hai moitísimos anos, tantos que ninguén recorda

de que tempos vén, unha galiña que sale ás veces na madrugada coa súa rolada de pitos. Estes pitos son de ouro; pero endexamais ninguén puido pillar un, nin por máis esculcas que se teñen feito se logrou ver onde aniñaban.

Como pode imaxinarse, esta galiña dos pitos de ouro é un encanto. Poida que sexa a mesma doncela que antes de alborexar o sol nas mañás bretemosas da primavera, sae a peitear os seus cabelos loiros cun peite de ouro. Mais tampouco ninguén puido saber nunca onde se ela agachaba cando alguén tenta de se achegar a ela.

Pero outro encanto máis, se non é diferente forma do mesmo encanto, hai na croa de Lañas. O mouro, o xigante, que é o que garda os tesouros; que poida que sexa tamén o que ten encantada a doncela ou fada, e mais a galiña dos pitos de ouro, se é que as dúas non son a mesma cousa.

A muller que me falou desto e contoume como ela vira o encanto, díxome que, cando era nena —uns doce anos tería daquela— andaban ela e mais a irmá máis nova no monte da Agra co gando. Era pola mañá, entre once e doce. Sentárase a carón dun piñeiro e, de súpeto, viu aparecer pola banda do monte da croa (o castro de Lañas), un cabalo grande coma un hórreo. O cabalo era castaño claro, case dourado, moi lindo; e montado nel un home, altísimo e rexo tamén. Ao ver aquelo gañou medo, ergueuse e fuxiu. A outra nena tamén fuxiu atrás dela.

Chegaron á casa e contoulle á nai como vira aquel home tan grande no seu cabalo.

—¡Ai, filla, que ese era o encanto ¿que fixeches?— demandoulle a nai.

—Gañei medo ao ver aquel cabalo e mais aquel home tan grandes, e fuxín.

—Pois perdiches unha grande riqueza, e xa endexamais voltarás a ter outra ocasión coma ela; mais, por se che cadrar, vouche dicir o que debías ter feito:

Se tiraras o pano da cabeza e collido por un dos bicos o extenderas no aire por diante do home, ou por riba do cabalo, e dixeras: "Dame da túa riqueza e eu dareiche da miña pobreza", aquel cabalo virábase de ouro e todo era para ti...

Mais, eu non sabía aquelo, e o encanto foise cara ó castro de Elviña. E non o vin máis na miña vida.

(Versión de L. CARRÉ ALVARELLOS: *As lendas tradizonaes galegas*. Museu de Etnografía e Historia. Porto. S.A. Páxs. 17-18).

A MOURA DOS COPOS DE OURO

Hai outro castro bastante conservado nesta parroquia do Valle do Mao, nun lugar que precisamente tamén se chama Castro.

Din que, hai bastantes anos, estaban dous veciños gardando as ovellas ao pe do castro, e viron unha pita con pitos, todos de color do ouro. Correron tras da pita e os pitos, e viron unha moura que estaba fiando copos de ouro, pero en seguida meteuse a moura, a pita e os pitos pola fendedura dunha pena e desapareceron.

Nunha pena deste castro, hai esmaltada a ferradura dun burro, e din que é do burro que trouxo desde Andúxar ao Valle do Mao as reliquias de San Eufrasio, que ten o sepulcro no centro da igrexa de Valdemao.

Non hai moitos anos, din que un veciño de Castro atopou no dito castro unha rella dun arado toda de ouro, e que a levou vender a Monforte, e que lle deron moitos ducados por ela.

(Versión recollida en terras de Incio-Lugo e publicada por CENTRO DE ESTUDIOS FINGOI: *Contos populares da provincia de Lugo*. Ed. Galaxia. Vigo, 1972. Páx. 211. 2ª Ed.).

FAC. HUMANIDADES FERROL

D. LENDAS DE SERPES

A SERPE DO CASTRO DE AMBOADE
(Vilar de Ortelle-Pantón-Lugo)

—O castro foi obra de mouros e se se escarabella un pouco no chan vese a terra movida coma se acabasen de andar nela.

O castro tivo un gran encanto cando vivían nel os mouros, que foi a xente que estivo aquí noutro tempo. O encanto estaba na bodega que quedaba por debaixo do castro. Un señor ía tódolos días a aquela adega e ó entrar subíalle polo corpo unha gran serpe, que mesmo ó tocarlle a cara se volvía nunha moza. Era tan grande o poder daquela moza que había o seguinte refrán:

Cando nesta bodega falte o viño
ha de faltar a auga no río Miño.

(Recollida na localidade por F. LÓPEZ CUEVILLAS E A. FRAGUAS: *Los castros de la tierra del Saviñao.* III. Congreso Nacional de Arqueología. E. Institución Fernando el Católico. Zaragoza, 1955. Páxs. 304-305).

O ADIBAL TROCADO EN SERPE
(Macenda-Boiro)

"Un señor de Macenda moi rico que tiña un criado quixo viaxar e mandoulle que arregrase todo que ían ir os dous polo mundo. No intre o señor foise á horta, atuou o diñeiro, que era moito, e atouno cun adibal dicindo ó mesmo tempo:

Adibal eres, culebrón te has de volver
el que de aquí te ha sacar, tres besos te ha de dar.

Mais o criado oíuno e cando chegou ó barco que os había de levar, no instante de saír xa para o mar e cando todos estaban a bordo, dixo que agardasen un momentiño que se lle esquecera unha cousa principal.

O barco agardou, mais en vista de que non voltaba ergueu áncoras e foise co señor só.

O criado en tanto marchou ó sitio do tesouro e saíulle un culebrón grandísimo. Tremeu un pouco, mais por fin deulle un bico e o culebrón retorceuse; deulle o segundo e o culebrón apreixóuselle ó corpo como se quixera acabar con el; deulle o terceiro e o culebrón converteuse en adibal. O mozo entón colleu o tesouro e cando o señor voltou atopouse sen ren".

(Relato recollido por CUEVILLAS E BOUZA BREY: *Prehistoria e Folklore da Barbanza.* "Nós. nº 52. Ourense, 15-IV-1928. Páx. 72).

LENDA DO MOZO E A COBRA
(Illa de Ons-Pontevedra)

"Aquí había un rapaz que tódolos días ía ao monte co gando. Un serán viu que por embaixo dunha laxe lle sae unha cobra, mais tanto lle gustou que lle deu migallas do seu pan. Fixéronse amigos e tódolos días xantaban o panciño xuntos, e o rapaz xogaba coa cobra e agarimaba nela. O mozo foi ao servicio e cando voltou o primeiro que fixo foi correr ao monte para ollar a súa cobriña; chegou alá, asubiou como acostumaba outrora, e saíu a cobra, mais tan longa, tan longa e tan grosa, que o mozo colleu medo. A cobra non recoñeceu ao rapaz, botouse a el, ensarillouno e matouno. Mais cando o tiña morto reparou nel, recoñeceuno e aflicta botouse ao mar e morreu afogada".

(Relato feito polo mozo Lelo Blanco e recollido por ÁLVARO DAS CASAS: *A illa de Ons.* "Nós" nº 131-32. Ourense. Nov./Decembro de 1934. Páx. 173).

A COBRA DO ENCANTO
(S. Vicencio de Vigo-Carral-A Coruña)

Cóntase que unha vez un mozo que andaba nun prado na beira do río, viu chegar un mouro e unha rapaza guapísima, e aquel mouro sei que era o encanto. O mozo, agachouse, chegou pe deles sen que o visen, a tempo que o encanto despois de falar nunha fala extraña dixo:

—"O que te desencantar
tres bicos tenche que dar",

e coa mesma desapareceron mouro e muller por riba do río mesmamente como se fose a brétema que varre o aire.

O rapaz, curioso por ve-lo que pasaba, foise ao outro día de amañecida ao mesmo sitio, e agardou beira do río nun claro entre as ramalleiras, mirándose no boligar das augas; pouco había que chegara, cando oíu un asubio polo medio do río, mirou, e estarreceu; era a cóbrega máis grande e máis fea que endexamais viran ollos de home, e avantaba por riba da auga coa cabeza ergueita, os ollos regalados e botando e recollendo un ferrete grande coma o dedo dunha man, con perdón. O rapaz gañou medo, mais emporiso, soubo ser home e agardou terne que terne, con firmidía; a cóbrega fuxiu como un lóstrego, batendo a auga co rabo, e asubiando, ao pouco voltou outra vez, e tamén fuxiu como antes, e ao vir por terceira vez, e terlle dado o terceiro bico o rapaz, a cóbrega perdeu aquel seu feitío para se trocar de novo na belida rapaza que caeu a chorar entre os brazos do arriscado rapaz.

Disque daquela o mozo levou á rapaza, e foron casar, índose lonxe, moi lonxe, a outras terras que hai polo mundo, de onde disque ela era, e para viviren dos tesouros do encanto.

(Relato recollido e redactado por L. CARRÉ ALVARELLOS: *Contos populares da Galiza.* Porto, 1968. Páxs. 364-365).

LENDA DO CASTRO DE BARÁN

No castro deste nome, todas as noites hai unha luciña debaixo dun penedo que hai no medio da croa.

Un día que foi un pequeno gardar as ovellas para este lugar, sentouse encima do penedo, e, de pronto, apareceulle unha muller moi guapa, que, acercándose a el, lle dicía que era de familia moi rica, (pertencente a un conde), pero que estaba alí encantada había moitos anos, e que, ao día seguinte, volvera coas ovellas para o mesmo sitio a sentarse no penedo. Ela, que se había de presentar en forma de cobra, e que había de subir por el arriba, pero que, se non tiña medo, que non lle pasaría nada, e que o faría feliz.

Cando foi noite e o pequeno chegou á casa, contou todo o ocorrido, acordando entre a familia que fora, pero que non deixase subir a cobra por el arriba, e que tamén irían os pais, para enteirarse se esto era certo.

Cando fora hora, ao día seguine, de botar as ovellas, marcharon para o Castro, o pequeno que estivera o día anterior nel e os pais. Cando chegaron ao sitio de destino, o pequeno sentouse no mencionado penedo, e os pais quedaron no medio duns toxos, para observar o que pasaba sen que foran vistos.

Tan pronto como se sentou o pequeno, apareceu a cobra, arrastrándose cara a el, pero o rapaz, cumprindo o convido, ao ver que se acercaba a cobra, botou a correr, e xunto cos pais, viñéronse para a casa, e contáronlles aos veciños todo o ocorrido, dándollelo os veciños por ben feito, e advertíndolles que, se deixara subir a cobra, quedaría el tamén encantado.

Nun pobo inmediato, había un home moi célebre entre os veciños, o cal se chamaba Mingos de Caraba, e, tan pronto como se enteirou do ocorrido, buscou no pobo dous homes dos que lle pareceron máis valentes, e díxolles que, se lle axudaban, desfarían un encanto, e que os faría felices, pero coa condición que non podían asus-

tarse anque viran o que viran. Eles aceptaron o choio, e quedaron en palabra xa para saír ao día seguinte á noite.

Cando foi noite, xuntáronse os tres para ir ao lugar proxectado, e, silenciosamente, saíron do lugar dirixidos polo tío Mingos. Así que chegaron, o primeiro que fixeron foi facer un circo na terra cunha moeda de prata, e metéronse eles dentro. O tío Mingos ía cargado de escapularios, unha cadea chea de medallas, unha estola e o libro de San Ciprián, para facer o desencanto. Para recordarlles o convido, díxolles aos compañeiros que, anque viran o que viran, non se asustaran e non se escaparan, que, se o facían, era perdido. Eles, fiándose no seu valor, deronlle palabra de non saír de alí.

Empezaron entonces a obra, para o cal non había máis traballo que o do señor Mingos: ler no libro as cousas que a el lle parecían convenientes ou necesarias para o fin que buscaban.

Aos poucos momentos de empezado o choio, abriuse un boquete no medio da croa, e saíu por el un "xenio" moi grandísimo, e, de vestiduras, só levaba un taparrabos, e coa cabeza pelada e moi rubio, levando na man unha forcada cos gallos rubios, como se os sacaran naquel mesmo momento do fogo, ao tempo que tamén saíu unha moza, e, extendendo unha colcha no chan, empezou a carretar saquetos cheos de ouro e botalos na colcha.

Os homes compañeiros do señor Mingos, fóronse sostendo xunto del, pero con moito medo, mentres el seguía lendo como se nada vira. Aos poucos momentos, saía un touro moi grande, dando saltos cara a eles, como se os fora a matar. Os homes xa estiveron a punto de escapar polo medo que colleron, pero, ao fin, fóronse sostendo no sitio, pero as pernas tremábanlles como unha

acaniadoira. Mentres tanto, o señor Mingos lía tan tranquilo como se estivera detrás do lume da casa del, e coas portas ben pechadas, e a rapaza a toda presa carretando nos saquetos cheos de ouro e botándoos na colcha, encima da cal xa había un montón moi grande de moedas, todas carretadas por ela.

Dentro doutros momentos, aparecéronlles uns penedos por encima deles, que parecía que mesmamente se ían soltar. Os homes, cheos de espanto, empezaron a mirar para arriba e, ao ver que estaban caendo e sentiron estalar encima deles, creron que era certo, e botaron a correr, como se fora o fogo tras deles, deixando ao tío Mingos, só no sitio.

... ...

O tío Mingos tardou un ano en volver á casa, e por máis preguntas e preguntas que lle fixeron, nunca se puido saber onde fora o paradeiro del durante o tempo de ausencia. O caso é que, ao facer un ano xusto da presencia outra vez na casa del, morreu.

(Versión recollida en: CENTRO DE ESTUDIOS FINGOY: *Contos populares da provincia de Lugo*. Ed. Galaxia, Vigo, 1972. Páxs. 206-208).

OUTRA LENDA DA FONTE PORMÁS
(Arzúa - A Coruña)

Un fidalgo que moraba preto da fonte tiña unha filla moi belida, á que requerían en amores tódolos mozos da bisbarra. O fidalgo non consentía a ninguén tratar o casoiro coa filla e para arredala do perigo foina encantar á fonte Pormás.

Un serán estaba un mozo nunha rozada e ollou chegar o fidalgo coa filla e os criados con sacos ó lombo; marcharon os criados, despois de pousar a trouxa e un adibal que ía envolto nun saco, quedando sós pai e filla. A moza choraba a fío agarrada ós brazos do seu pai, pregándolle de xeonllos que non a deixase alí; pero o pai non fixo caso; soamente lle dixo:

—Non teñas pena; quédache con que valerte.

O fidalgo sacou un libro e comenzou a ler; ó pouco tempo a moza meteuse polo cano da fonte e seguidamente os sacos que levaran os criados seguiron o vieiro que levara a moza; quedou fóra o adibal, e o fidalgo continuou lendo moito tempo deica que o adibal se transformou nunha gran serpe longa e grosa que foi meténdose polo cano da fonte. Cando ía desparecendo o home cerrou o libro e díxolle:

—El que te desencantare, nove veces detrás del cachazo te ha de besare.

O mozo deixou a rozada e foi á casa, pero ó pouco tempo tornou á fonte Formás para desencantar a fermosa rapaza que el ollara agachar entre as augas. A poucos pasos da fonte apareceulle unha muller que lle dixo con certa tristura.

—Se non tes valor, non me desencantes.

O mozo sen arrepiarse chegou á beira da fonte, e sentouse nunha pedra e oíndo un grande bruído nas augas viu saír un enorme culebrón polo cano da fonte. O mozo deulle tres beixos por tras do cachazo e a serpe tornou para a fonte. Tornou a saír a serpe, agora que con menos bruído e poñéndose dereita diante do mozo levou outros tres beixos e enguliuse na auga. Á terceira vez saíu case mansiña de todo e ó darlle os beixos caeu no chan feita

un adibal. Naquel intre encomenzou un ruxido enorme de cartos e apareceu a moza cos sacos cheos de ouro que seu pai lle levara e que ficaban gardados pola serpe.

A moza non quixo volver á casa de seu pai e foi casar á igrexa da parroquia co mozo que a desencantara.

(Versión de A. FRAGUAS: *As léndas da Fonte Pormás.* Nós, nº 108. Ourense, 1932).

A SEÑORA DO CASTRO ALEGRE
(Salvaterra-Pontevedra)

A un rapaz que andaba co gando no castro saíulle un día unha moza que se penteaba os cabelos cun peite de ouro.

"—¡Ai, señora se me dera ese peite con que se peitea!, díxolle o rapaz".

"—Dareiche o peite e dareiche moito máis aínda ata facerte rico se fas o que che eu diga e non te acañas".

"E díxolle ó rapaz que lle levase ó día seguinte unha cunca de leite bendito, e que non se acañase co que sucedese, pois mentres ela bebía o leite, el tiña que ter man da cunca".

"Foi o rapaz coa cunca, e saíulle unha grande cobra que se puxo a beber no leite e o rapaz sen se acañar tiña man da vasilla. Bebeu todo a cobra, e ó rematar converteuse na señora do outro día e deulle moita riqueza ".

(Versión de Xosé Martín Rodríguez, recollida en F. LÓPEZ CUEVILLAS e F. BOUZA-BREY: *Os oestrimnios, os Saefes e a Ofiolatría en Galicia.* Arquivos do Seminario de Estudos Galegos. Tomo II. Compostela, 1929. Páx. 142).

A SERPE DO CASTRO DE TROÑA
(Mondariz-Pontevedra)

"Díxome a defunta miña nai lle contaron seus avós e bisavós que algún tempo había aquí no monte unha serpe que baixaba á terra cha e roubaba para comer unha besta, unha ovella ou o que fose. Por medo e para que non baixase, os veciños puxéronse de acordo e traíanlle ó monte, todos os días, un animal que sorteaban entre eles. Pasado tempo xuntaron unha morea de novelos que lles deron as tecedeiras e fixeron cos fíos ben retorcidos unha corda e un novelo grande que lle deron a comer á serpe. Axiña que a serpe enguliu o novelo tiraron da corda e arrastrárona e matárona e enterraron aquí no adro da ermida, e no sitio do enterramento ergueron o cruceiro que había onde está o que hai hoxe".

(Relato de Constante Fernández, recollido en L. PERICOT e I. PARGA PONDAL: *Castros de los alrededores de Mondariz Balneario*. "La Temporada de Mondariz". Xullo, 1928).

A CIDADE E A SERPE DO OUTEIRO DE RUBIÓS
(Celanova-Ourense)

"No Outeiro de Rubiós houbo unha gran cidade chamada San Salvador ou Cachiquimbra, nome que aínda leva unha parte do monte.

Esta cidade foi atacada polos romanos ou polos franceses que estaban no castro do Furriolo. Emprincipiou o ataque cun gran "fuego", sostido dende o propio Furriolo a pesar da distancia de dúas leguas que os afasta,

pois é sabido que os antigos tiñan mellores armas e de máis alcance que as nosas. Fóronse despois acercando os inimigos a Cachiquimbra, puxéronlle sitio e remataron por destruíla, morrendo dos da vila *11.000 mártires,* e dos atacantes mortos tamén.

Cando os sitiadores estaban xa ó pe da vila, uns soldados foron pousar unha miga á beira dunha poza, que aínda existe, e sentáronse nunha que coidaron trabe, que estaba deitada no chan. Pouco tempo durara a pousa, cando sentiron rebulir a trabe, e viron con espanto que era unha serpe grandísima, mais tiña tan duro o coiro que as balas non lle entraban; e entón foi cando un dos soldados mandou que colleran un anaco de carne e que o prenderan no cabo dunha corda. Feito isto, déronlle a carne á serpe e en canto lle entrou nas gorxas ataron a corda a un penedo, e a serpe morreu no instante mesmo".

(Versión de Antón Peaguda, recollida en SEMINARIO DE ESTUDIOS GALEGOS *Catálogo dos castros galegos.* Terra de Celanova. Ed. Nós. A Coruña, 1928. Páx. 17).

A COVA DA SERPE

A torre de San Paio de Narla (Friol, Lugo) ten as súas lendas. Unha delas é a que se refire á Cova da Serpe, que dá nome a un monte que vai bater na provincia da Coruña, preto de Sobrado dos Monxes.

Tiña un dos señores daquela torre ou castelo, unha filla, Berta ou Benta, que gustaba de se soazar andando de acabalo polas terras achegadas á torre, costume

adoitado naqueles tempos de ruíns estradas, mais, fallos doutros pasatempos.

Aconteceu certo día que a besta en que ía a fidalguiña gañou medo e encomezou a correr desenfreada sen que a rapariga puidera contela. Mais, un membrudo mozo campesiño brincou no camiño dun valo en baixo, botoulle as mans ao bocado da besta e cun rexo esforzo contivo o animal.

A heroicidade do mozo, e poida que máis que outra cousa a varonil apostura do lanzal xoven, fixo que a doncela se namorase del. Pola súa parte o rapaz viu na fidalguiña unha meiguiceira fada que o deixou engaiolado, preso nos seus encantos e donosía.

Os dous mozos voltaron a se veren, e sentados á sombra dos carballos dunha devesa, falábanse namorados e ditosos esquecendo a súa desemellante condición.

Mais, o señor de San Paio, don Lopo das Seixas, soubo logo daqueles amores da súa filla co mozo labrego, seu vasalo, e ameazou á rapaza cun fero castigo se non puña fin a aquela desasisada intimidade que era unha aldraxe para a fidalguía das torres.

Benta, amante e arriscada, puxo en coñecemento do rapaz as ameazas do seu pai, e entre choros e bicos, ambos determinaron de fuxir a través dos montes e iren en procura de refuxio noutras terras.

O señor das Seixas, cando se decatou de que a súa filla desaparecera, ordenou de contado que saíran algúns escudeiros e homes de armas da torre para perseguiren os fuxitivos, dar morte ao galán e voltar para o castelo coa filla que o tiña deshonrado con aquel feito deshonesto.

Os amantes, ao se sentiren perseguidos, escoitando o catriplinar dos cabalos, agacháronse nunha cova que

atoparon no monte que tentaban cruzar. Mais, ficaron abraiados ao se toparen cunha gran cobra, unha serpe monstrosa, que se dirixía, erguendo a noxenta testa cara a Benta. O mozo empuñando un puñal interpúxose e pretendeu cortar a cabeza á cobra que arrediou o ataque e envolveuse lixeira e destemida en torno do rapaz coutándolle o movemento.

A loita entre o home e a serpe foi témera; a rapariga ollábaos estarrecida. En cabo o barudo mozo atinxiu a cobra cun certeiro golpe na testa; mais, xa era tarde, porque as trabadelas da serpe e mais o premer do escorregadío corpo que lle apreixaba o corpo e a gorxa, causáronlle a morte.

Oíndo os berros salaiantes da rapaza chegaron as xentes de don Lopo que recolleron a espavorida Benta, e conducírona á torre de Narla.

Por eso chámanlle ao monte "Cova da Serpe", en lembranza do drama que se desenrolou alí, conservado pola lexendaria tradición.

(Versión de LEANDRO CARRÉ ALVARELLOS: *As lendas tradizonaes galegas.* Porto, s/a. Páxs. 205-206).

OUTRA LENDA DO "COVA DA SERPE"
(Friol-Lugo)

No monte "Cova da Serpe" vivía unha enorme cobra que tiña cheos de medo ós veciños de Miraz, pois sempre baixaba beber nunha fonte cerca da Torre que aínda se coñece polo nome de "Pozo da Serpe". A xente decidiu un día acabar con tal monstro e para iso argallaron de

darlle de comer un burro enzoufado en alquitrán. A serpe comeu o burro e morreu de contado. Aínda na cima do monte existe a cova onde vivía o animal, de aí o nome que leva''.

(Recollida persoalmente en Miraz no ano 1975).

E. HÉROES FRANCOS E CIDADES ASULAGADAS

DON ROLDÁN E AS PRINCESAS

Cando os mouros asoballaron España, os galegos foron os únicos que se mantiveron en parte libres deles, gracias a que pelexaron rexamente. Por veces os mouros metíanse nalgúns recantos da nosa terra; mais axiña eran botados novamente dela, e aínda das terras veciñas como Asturias e León.

Mais os mouros eran moitos e moi potentes, e os nosos poucos, polo que, despois de moitos anos de loitas que unhas veces os levaban para diante e outras para atrás, reinando don Alfonso II que tiña a súa corte en Asturias, acordaron pedir axuda a outro gran rei de moita sona que había na Francia.

Este rei que lle chamaban Carlomagno, e que era moi bo cristián, veu axudar aos españois, e traía con el moitos guerreiros comandados por uns xefes que disque eran os doce Pares de Francia, que non había quen puidera con eles. E todos viñan loitar contra dos mouros que eran inimigos de Deus e de Xesús Cristo.

Os mouros cando viron vir tanta xente enriba deles logo gañaron medo e recuaron; mais, da carraxe que levaban, encomenzaron de botar man a canto podían e sorprendendo algunha vilas e castelos sobre os que caeron coma unha treboada queimando todo, arramplaron con algúns condes que levaron prisioneiros, e ata disque colleron tres princesas, para que lles serviran de reféns na súa defensa.

O gran exército cristián que se formou, extendeuse por Navarra e Aragón; por Asturias e Castela. A Galicia viñeron poucos franceses porque os galegos se bastaban a si mesmos; mais, un fato daqueles que deica aquí chegou, viña comandado por don Roldán, que era un dos máis valentes dos doce Pares.

Os mouros foron recaendo e chegaron ao val de Orras; pasaron o río Sil en barcas e pontóns que despois queimaron, e afincáronse da outra banda, polas montañas orde coidaron se facer fortes, pois o terreo era fraguento e amais o río nada doado de pasar.

Mais o don Roldán como soubo que os mouros tiñan presas aquelas princesas, quixo libertalas. Malia de que os mahometanos as levaran para un castelo, no curuto dun monte, nun lugar que chaman O Castro, da freiguesía de San Bernabeu de Valenza.

Tentou pasar o río con algúns cabaleiros arriscados e destemidos; mais as augas ían moi turbulentas e fondas, e de contado tiveron que voltar á terra con perda dalgúns que a corrente arrastrou e se afogaron.

Disque don Roldán era santo, e poida que o fose, pois a idea que tivo só de Deus podía virlle, xa que de non ser un milagre ninguén podería facer o que el fixo.

Foi no seu cabalo pola ribeira, procurou o lugar máis

axeitado frente o Castro do castelo; picou esporas ao seu cabalo, que deu un pulo grandísimo, e o cabalo foi caer da outra banda do río mesmo cara ó castelo.

Tal que viron os mouros, e o medo que gañaron, todos fuxiron como puideron. Mais, imposible levar con eles os prisioneiros e moito menos as doncelas princesas. Daquela os magos xentís, para se vingar, encantaron as tres princesas converténdoas en pedras.

E alí están aínda os tres seixos brancos, chantados no chan, coma se ollaran con saudade para a súa terra.

¿Quen poderá desencantalas?

(Versión de LEANDRO CARRÉ ALVARELLOS: *As lendas tradizonaes galegas*. Porto, s/a. Páxs. 102-103).

LENDA DE ROLDÁN E AS TRES COSTUREIRAS DE PUXARES QUE SE VOLVERON PEDRAS

En tempos moi remotos, cando viñera Roldán a España, din que había en Vilanuide, do concello de Quiroga, tres costureiras que vivían xuntas e soiñas elas tres nun outeiro algo apartado da poboación. E di a lenda que eran tres mozas moi ben feitas e guapas como hai ben poucas, e que Roldán, un día que as viu ao pasar no seu cabalo, foi tan gustante delas, que, de alí en diante, todo era vir a presentarse ao pe da casa do outeiro, para poder velas e falarlles.

E din que tanto era o seu namoramento que chegou a facerlles moita ceremonia e regalía, e ata a velalas polos camiños cando tiña ocasión.

Pero elas veña a fuxir e dicir que non querían escoitalo, pois crían que Roldán non viña con boas intencións, e que o que el pensaba era rirse e burlalas. Pero el non se apuraba por tan pouco, e todas as tardes viña a cortexalas e namoralas pola porta, e Ave María, que ata pensaba de levalas consigo ás Francias.

E entón elas, xa algo cansadas de velo rondar a casa día tras días, unha tarde que viñan da súa aldea, que se chamaba Puxares, enfrentáronse con el, e dixéronlle que non se cansase máis en seguilas, que non había de conseguir nada, que non querían tratos con ningún francés, que se fose de alí para a súa terra e as deixara en paz dunha vez. Pero el nunca se daba por vencido, e porfiou que se non se lle entregaban polas boas, habían de ser polas malas, e aínda tivo atrevemento para preguntarlles cando podía vir buscalas. E van elas e dinlle:

Temos de ir contigo ás Francias
cando veña o río Xares
por diante da nosa casa.

E eso dixéronllo elas porque pensaban que era cousa imposible que tal acontecera, que o río Xares —que hoxe en día é o Bibei— pasaba naqueles tempos por outro sitio moito máis para diante.

Pero Roldán, ao sentirlles dicir aquelo, non perdeu os ánimos, todo o contrario, pois o caso é que, valéndose de non sei que meigallo ou demo, foise pola noite, e tornou sen máis nin máis o curso do río. E, aló pola mañanciña, déronse de conta os veciños do que pasaba, e viñeron todos berrando mesmo ata a porta das tres mozas.

Costureiras de Puxares,
vinde lavar as perniñas
ás augas do río Xares.

E elas despertaron, e tomaron moito medo ao ver o río pola súa porta, e, con esto, saíron correndo como ánimas en pena, sen que as vise Roldán, que estaba agardando, e colleron por un atallo, e salváronse de ser presas polos franceses ou polos mesmos veciños, e de ter que cumprir aquelo que tiñan prometido.

E entón fóronse a todo correr cara ó val de Valdeorras, a seis ou sete kilómetros de Vilanuide. E os soldados viñéronlle coas novas da fuxida a Roldán, seu señor, que andaba todo contento no seu branco corcel.

E así que sentiu aquelo, botou o "nombre del Padre", e foise a escape en seguimento delas, a canta presa lle deu o cabalo e moi enrabechado polo feito. A tanto, que botaba el pola boca tantas chispas coma o cabalo polas ferraduras.

E mais elas puideron pasar o río, non se sabe se voando como meigas ou se coa axuda do diaño. E así Roldán quedou nunha beira e elas na outra. E, para máis, o cabaleiro francés, dende a súa banda, non sabía que as tres costureiras seguían corre que te corre cara ós poboados que por alí había, no que hoxe se chama a Rúa.

E, busca de aquí, busca de alí, marchou só no seu cabalo branco, sen avistalas nunca, e pensando que xa as tería tragado o río ata que, ao fin, chegou á altura de Valencia do Sil, e descubriunas ao lonxe, a uns tres quilómetros, e co río Sil polo medio.

E entón vai el, con tanta rabia como lle dera de ver fuxir aquelas condanadas costureiriñas, e que non lle foran de lei e faltaran á palabra dada, comenzou a esporear no seu corcel que daba xenio, e arreminalo para saltar o río, e, de súpeto, ¡bumba!, o cabalo deu un brinco tan grandísimo que se plantou nada máis que a uns cen metros das costureiras, de maneira que deixou para

sempre na pedra as pegadas das ferraduras, que aínda hoxe se poden ver, mesmo ao pe dun camiño que vai para a serra.

Logo, as costureiras, que se viron perdidas sen remedio ao ter xa case enriba delas a Roldán, bótanse ao chan e comenzan a chamar ao demo, e pedirlle que antes querían ser convertidas en mármores que verse conseguidas por Roldán. E o demo acudiu de contado, e, nun periquete, volveunas tres pedras coma tres cabezos nas barbas de Roldán, que daquela debeu de tolear para sempre.

E esas tres pedras aínda hoxe é día que se poden ver, anque están xa desgastadas polas chuvias, e tamén polos rapaces que por alí andan a xogar e a gardar o gando.

(Versión recollida en: CENTRO DE ESTUDIOS FINGOY: *Contos populares da provincia de Lugo*. Ed. Galaxia. Vigo 1972. Páxs. 214-217).

LENDA DA LAGOA DE CARRAGAL
(Ribeira-A Coruña)

"Na Lagoa de Carragal, que se olla ó pe do monte, está asolagada a cidade de Malverde (Valverde) onde había mouros que foron desbotados por Carlomagno e os doce Pares de Francia e mais Oliveros, e nunha peneda do monte hai unha patada do cabalo de Roldán, dada cando este pediu, despois do sol posto, unha hora de día para derrubar ós inimigos. E é dende entón, que, despois do sol posto, hai unha hora de luz".

"Por frente do Río do Mar presentouse e disto pasaron xa moitos anos, un barco que preguntou pola cidade de Malverde, e como lle dixeran que tiña desaparecido había tempo, ergueu velas e marchou".

(Relatada por Antonio González Bermúdez, de Santa Uxía de Ribeira, e recollida por CUEVILLAS E BOUZABREY: *Prehistoria e Folklore da Barbanza.* "Nós", nº 46. 15-X-1927, páx. 15).

A CIDADE ASULAGADA DE BOEDO
(San Xoán de Lagostelle-Guitiriz-Lugo)

"En O Boedo había unha cidade. Por ela pasou un día a Sagrada Familia pedindo comida, e non llela quixeron dar. Mesmo un zapateiro guindoulle a súa forma a Xesucristo. Chegaron a unha casa pobre onde os nenos estaban trala lareira chorando de fame. A muller da casa quixo atender a Xesucristo e á Virxe; deulles pousada, pero non tiñan outra cousa que darlles. A Virxe díxolle: "Faga unha torta coa cinza"; e a muller resistiuse ó principio dicindo que non podía ser, porque non ligaba nin formaba masa; pero ó fin, fíxoo. A Virxe entón dixo: "Próbea, señora; é tan certo que é torta cocida e de trigo, como que a cidade de Boedo está asolagada; por culpa dun malo, Deus destrúe unha cidade". Dise que desde entón se escoitaban campás e un ruído que foi desconxurado por un cura; pero aínda hai un sitio ó que lle chaman "O pozo da Campá".

(Lenda recollida de boca de Francisco Martínez Novo e publicada por L. MONTEAGUDO: *Palafitos: problemas y Leyendas.* Revista de Dialectología y Tradiciones Populares. Tomo XIII, cad. 1-2. Madrid, 1945).

A LAGOA DE COSPEITO
(Lugo)

"En Cospeito, na aba do monte pequeno que forma a Feira do Monte, hai unha lagoa que lle chaman dos patos, e máis vulgarmente lagoa de Valverde. E xunto dela, no alto, levántase o sagrado da Virxe do Monte, que é de moita sona e moi visitada por toda esta comarca. E din que no sitio onde hoxe en día está a lagoa había nalgún tempo unha vila que chamaban de Valverde, que era moi importante, e que un día foi á vila un pobre e pidiu pousada ou sequera algún cortizo onde pasar aquela noite. E uns din que era un pobre home que ía polas portas do mundo, outros que era a mesma Virxe en persoa, pero disfrazada. O caso é que ninguén tiña lástima daquel pobre, e en vista do caso, el saíu do poboado e foise a unha casiña que había na Feira do Monte onda unha familia que tamén era moi pobre, anque honra non lles faltaba. E esta familia recibiuno de moi bo agrado. E, como non tiñan apenas que comer, determinaron de matar a única becerra que lles quedaba para poder darlle de cear ó pobre. E desque cearon o pobre ordenou que os ósos grandes os botasen nunha corte e os ósos pequenos noutra. E ó outro día ben cedo ergueuse o pobre e comenzou a chamar polo dono da casa e a mandarlle muxi-las vacas e bota-los becerros a mamar. E o dono seguía durmindo e non lle facía ningún caso. Pero o pobre seguía berrando o mesmo, e o dono negábase, e dicíalle:

—¿Como hei de muxi-las vacas e bota-los becerros a mamar, homiño de Deus, se a única becerra que tiña mateina a véspera para poder face-la cea de todos?

E o pobre contestoulle:

—Tan certo é que tes becerros e vacas
como que a vila de Valverde
asulagouse nas augas.

E, con esto, o pobre desapareceu e non se viu máis. E o amo e a súa familia saíron pola porta fóra e viron que, tal e como dixera aquel pobre, a vila de Valverde fora afundida en castigo do mal que o tratara. E logo foron ás cortes e atoparon que naquela onde botaran os ósos grandes había vacas e na outra onde botaron os ósos pequenos había becerros. E eles puxéronse moi contentos.

Pero no sitio da Vila de Valverde todo era unha gran lagoa, e no alto do monte había unha capela cunha imaxe da Virxe, que por encontrarse en chamarro, lle chamaron a Virxe do Monte, e así lle quedou.

Cando eu era cativo aínda contaban que aló nos fondais da lagoa e cando viñan as secas do verán víanse as chemineas dalgunhas das casas afundidas e mais a torre da igrexa, e hai quen di que ata se sentían as campás daquela vila desgraciada de Valverde''.

(Versión de CENTRO DE ESTUDIOS FINGOY: *Contos populares da provincia de Lugo*. Vigo, 1963. Páx. 341 e ss.).

O LAGO DE DONIÑOS

Cando a Virxe andaba polo mundo, disque despois de ter percorrido terras, chegou un día á cidade de Valverde; alí toda a familia era pagá, malvadosa e descrida; a Virxe, a tal ver, atristouse moito. Era tanta a perdición que alí había entre homes e mulleres que espaventaba;

por ningures deu coa fe, non atopou caridade; tampouco había nin un só cristián.

A Virxe seguiu o seu camiño sen se deter, que non quixo cousa con aquela xente; cavilou que unha cidade como aquela era merecente dunha punición polo Señor.

Despois de rubir unha encosta longa como o penar dos condanados, cansa e sen folgos, co Meniño no colo, chegou en cabo a unha casiña no alto do monte; parouse a descansar ao agarimo da sombra da barra que tiña diante da porta, e ao pouco de estar alí, veu a dona da casa a lle ofrecer unha cunca de leite e un carolo de broa.

Fala que fala, a Virxe soubo que alí vivían home e muller, e que eran os únicos cristiáns que había na bisbarra toda, e que vivían afastados da cidade porque nin eles gustaban do vivir que aló facían, nin eran ben mirados polos outros.

A Virxe soubo tamén que como o home tiña baixado á cidade para facer algúns mandados, e despois de ter acougado un pouco, seguiu a andar camiño endiante.

Chegaba á vila o home da casa do monte, cando oíu berrar unha muller a pedir acorro, púxose a escoitar, e daquela, espavorido, quixo comprender que era a voz da súa parenta chamando por el para que lle valese, e ao volta-la cabeza viuna no mesmo camiño que el viña de pasar; a pobre loitaba con desespero por se defender duns homes que a querían matar.

De que viu a muller en tan grande perigo, o home pillou a escape cabo dela para lle valer e viuna como, ceibándose daqueles malvadosos, fuxía cara á casa perseguida por eles; o home corría ben, mais o fato que el seguía avantaba moito máis e non tardou en deixalos de ver ao se perderen nunha revolta do camiño; o home daquela, facendo un esforzo, correu moito máis e cando chegou a albiscar a casa, xa de lonxe viu á súa muller sentada na porta como cando a deixara a Virxe. Ao chegar pe dela, o home contoulle a aparición que se lle presentara, e estando nestas falas, oíron o estronicio máis grande do mundo, e sentiron, sen o ver, o balbor de moita auga de choiva a caer do ceo, seguido de enxordecedor murmullo da enxurrada a levar canto atopaba por diante.

Sen se dicir cousa, home e muller levados dun mesmo pensamento, ollaron os dous para a cidade maldita, e vírona asulagada.

Hoxe hai no lugar onde outrora estivera a cidade, unha lagoa, a de Doniños, que ten no medio un pozo que traga a cantos teñen a desgracia de pasar por riba del, mais que a lancha que os leve sexa das meirandes e mariñeiras".

(Versión de L. CARRÉ ALVARELLOS: *Contos populares de Galiza*. Porto, 1968. Páx. 342).

OUTRA LENDA DO LAGO DE DONIÑOS
(Ferrol)

"Hai moitos anos apareceu un pobre recorrendo a cidade de Valle Verde, chegou a unha casa pedindo e dixéronlle:

"¡Váiase que eu non lle podo dar!"

E chegou a outra casa dunha señora con dúas criaturas xemeas. A señora díxolle que non tiña nada para dar, pero que ía botar unhas bolas no forno e que se esperaba lle daría delas.

—"Bueno, pues espero", dixo o pobre.

Esperou, e a muller botou a bola no forno e deulle un pedazo.

O pobre (que era Jesucristo), díxolle:

—"Mire, señora. Aquí hai xente mala e van a ter un desengano. Colla por ese camiño arriba e non mire para atrás e será salvada".

—¿E as miñas criaturas? —díxolle a señora.

—"Non se preocupe. Déixeas no camiño, que Deus, que ben as ve, xa gobernará".

Entonces el marchou e ela colleu por un camiño arriba pero sentiu un ruído, deulle un desmaio e quedou morta.

Apareceu todo inundado, pero as dúas criaturas aboiaron no berce e salváronse. De aí vén o nome de DONIÑOS".

Recollida por X.M. GONZÁLEZ REBOREDO en Doniños en 1975).

LENDA DA LAGOA DE ANTELA
(Xinzo de Limia-Orense)

"No lugar que hoxe ocupa a lagoa de Antela houbo noutros tempos unha cidade chamada Antioquía... os seus veciños asoballaban ás xentes dos arredores e non tiñan caridade con ninguén. Quixo Deus castigalos, mais Xesús propúxose salvar ós xustos que houbese. E veu á terra, e foi a Antioquía na figura dun esmolante e tentou a caridade enteira da primeira á última casa pedindo es-

mola e non achou a ninguén que sequera lle dixese: *Deus te axude.* Postreiramente, cando xa marchaba co corazón atristurado, entre uns carballos viu unha casarella coa porta suchouza e unha velliña agarouchada a carón dun lumiño que máis afumaba que aquecía. Xesús arrimouse e pregou: *—Unha esmola polo amor de Deus. —Pase quen sexa,* dixo a velliña. E Xesús pasou. E a velliña sentouno ó lume e muxía unha cabra que tiña e deulle unha cunca de leite e un anaco de bica. E despois deitouno na súa camiña de farrapos. Cando á alba do día espertou, Xesús díxolle á velliña: *Ven, quero que olles o que foi de Antioquía.* E a velliña quedou sorpresa cando viu que no lugar que ocupaba Antioquía se extendía unha lagoa que asulagaba a vila. E ninguén se salvara fóra da velliña. Na mañanciña de San Xoán, cando o primeiro raio do sol relampra na lagoa, alá embaixo, moi fondo albíscase o campanario da igrexa. E a noite do Nadal, ás doce en punto, óense cantar os galos".

(Publicada por X. TABOADA CHIVITE: *Las leyendas de la laguna de Antela.* "Cuadernos de Estudios Gallegos". Tomo XXIV, fasc. 72-73-74. 1979. Páx. 354).

LENDA DE SAN MARTIÑO DO LAGO
(Maside-Ourense)

"Os vellos dicían que unha vez estaban unhas mulleres cocendo no forno, e chegou outra muller (elas descoñecían que era a Virxe) pedíndolles pan, e dixéronlle que esperara un pouco, que lle ían facer un corrolo. Pero elas, por marrás e para aforrar, fixeron o corrolo de farrelo e como lles medrara moito amargóulles da-

lo. Entón trataron de facer outro e tamén lles pasou igual, tampoco non llo deron, e a muller marchou. Ó pasar esta por un monte, encontrouse cunha rapaza que andaba coidando as ovellas, e traía unha cadeliña consigo, a muller pediulle un anaquiño de pan do que estaba comendo; entón a rapaza deulle todo, pero a muller non o quería, e díxolle que lle dera só un anaquiño. A rapaza díxolle que ela xa comería máis ó chegar á casa que estaba na vila que había onde está agora o lago. A muller, despois de coller o anaco, de cara a esta vila, dixo, maldicindo: "Lago te asulago co de arriba para abajo, que quede esta rapaciña con esta cadeliña", e a vila asulagouse. O día de San Xoán, ás doce do día polo sol, séntese aínda tocar as campás e cantar os capóns".

"Hai uns anos empezaron a secar o lago por contrata, para mirar o que había abaixo, pero non o daban secado. Un día dixo o enxeñeiro: "mañá traerei unhas bombas achicadoras, e o lago quedará seco"; o encargado díxolle: "se Deus quere", e o enxeñeiro contestoulle: "Que queira que non queira". Cando regresaba á casa o enxeñeiro, en coche, encontrou no camiño un arrieiro cun carro de mulas; as mulas atravesáronselle e el, por non atropellalas, cruzou e quixo frear, pero rompéronlle os freos e marchou polo barranco abaixo, e matouse. E por eso din que aquelo foi unha maldición de Deus, e non chegaron a achicar o lago".

(Versión recollida por LUIS MONTEAGUDO: *Palafitos, problemas y leyendas*. Revista de Dialectología y Tradiciones Populares. Tomo XIII, cad. 1-2. Páx. 116).

F. A VIRXE, SANTOS E SANTUARIOS

LENDA DA VIRXE DO CRISTAL
(Celanova-Ourense)

Di a lenda que dous mozos: un rapaz e unha rapaza criados do que, aló polos anos indicados, era dono do castelo (don Xácome Mascareñas, tiñan amores e preparábanse para casaren.

Mais, aconteceu que as envexas e as malas linguas encomenzaron a murmurar da rapaza e mais do rapaz; que nada se sabía de certo, e non obstante dicíanse cousas dela e del que facían rir a uns, e que facían se satiguaren anoxados a outros.

Tantas e tantas foron as rexoubas que un serán, á volta do traballo, Martiño —que tal era o nome do mozo— atopouse con Rosiña —a rapaza, e esta, vendo que pasaba a carón dela sen lle dar fala e con cara fosca díxolle:

—Martiño, ¿que diaño tes hoxe? ¿non me falas? Para estares coma o moucho calado, ¿que che aconteceu? ¿Cando te fuches para a sacha non estabas anoxado ¿botáronche a fada? ¿Que tes? Fala, di.

—Non sei como te oio e estou con calma ¡Que teño! Direicho... Pois... ¡téñoche lástima! ¡Desleigada, mala muller!

—¡Meu Deus! ¿Por que me dis eso? ¡Martiño!

—¡O Martiño non che importa a ti nin a ninguén! Deixa o Martiño en paz, e non me alporices.

—¿Pero home, toleas? ¡Xesús, que desgracia! ¡Se mesmo pos medo, acouga!...

—Como hei de acougar se sei que es falsa; ¡se me mentes amores que non sentes e fas pouco de min!

—¿E por que dis eso? ¿Quen che encheu a cabeza de fume? ¿Quen foi que che envenenou a alma? ¡Eu nada che fixen para o mal que me tratas! ¡Eu ben que che quero!...

—¡Ti quéresme moito, Rosiña! —exclamou o rapaz carraxento— Ti dilo e abonda. O mesmo dixeches a Pedro Ealado, e a Xan de Ventraces, e ao dono da casa...

—¡Santísimo Cristo de Ourense me valla! —salouca a mociña, sentindo as bagullas que lle esbaran polas esbrancuxadas faceiras— Ti seica tes ganas... Non pois...

E nunha súpeta decisión, engade:

—Pois déixame e vaite; ti a min non me aldraxas. E en min nunca máis penses; pero non me luxes a honra que é a única riqueza que teño. ¿E pois, ti que coidabas? ¡Cristal nunca viches que a min se igualara!

E Rosiña entrou no castelo sentindo a súa alma acongoxada con amarguexos de morte da súa desgracia.

Martiño quedouse abraiado, cavilando se se excedera na súa crudeza coa rapaza que tanto quería, deixándose levar pola carraxe que verteran no seu corazón os ruíns falares de Ventraces.

E ceibando no chan desesperado a monteira, berrou:

—Non, pois... se Rosa ten do cristal a pureza, ¡xuro a Deus, Xan de Ventraces, que hei de che arrinca-la lingua!

E di a lenda, que en estando Martiño a cavar unha roza, certo día, veulle enriba unha treboada que en ningures se vira outra coma ela. Martiño arrepiado buscou abrigo no esburacado dunha vella cañota.

Mais nesto abriuse o ceo cun trebón retumbante que alumeou a terra co lóstrego de fogo que foi ferir a árbore onde Martiño fora acobexarse. O pobre do rapaz sentiuse estarrecer nun témero arrepío e foi dar co seu corpo en terra, namentres a cañota ardía nunha grande laparada.

—¡Deus me valla!— exclamou o mozo cando se puido erguer: mais, como vira brillar á clarencia do lume unha cousa extraña alí mesmo no chan diante del, colleuna.

Era unha pedriña lucente coma un cristal, redondiña e tan feituca que o deixou admirado; e máis admirado aínda ao ver que dentro dela había unha imaxe da bendita nai de Deus.

Pero Martiño non atinou a se decatar de que aquelo puidera ser un aviso do Ceo; unha demostración milagreira da pureza de Rosiña. "¡Cristal nunca viches que a min se igualara!", tíñalle dito ela. ¿Podería ser o cristal purísimo que coa imaxe da Virxe nela gardada imitase á de Rosiña?

—¡Boh, boh, boh! —exclamou carraxento coma se todo aquelo puidera ser unha burla, un axe que alguén argallara para se mofar del.

E chimpou no chan aquel ovo de vidro.

Mais, un día que Rosiña ía polo monte cun fato de ovellas namentres fiaba unha mazaroca de liño, e cavilando en como tiña rompido os seus amores con Martiño, pensamentos que lle amarguraban a alma facéndolle xurrar acedas bágoas dos seus ollos, supetamente, ao fitar descoidadamente para o chan, atraída polo brillo coruscante dunha pedra, colleuna e atopouse co cristal relucente no interior do cal parecía sorrirlle a raíña dos anxos.

E foille amostrar ao abade aquel cristal misterioso e milagreiro que tanta admiración lle causara, e a contarlle as súas coitas, e en como Martiño a estoxara con malos modos e verbas aldraxantes.

O crego fíxolle ver como aquel era un milagre, e prometeulle que había falar co señor bispo para veren o que habían facer; mais, por de contado coidaba que ela, Rosiña, estaba chamada por Deus e pola Virxe para facerse freira, e que en sendo posible tiñan de fundar unha capela no lugar onde o cristal aparecera, para alí conservala e venerala.

Foi en valuto que despois que o milagre correu de boca en boca, Martiño arrepentido e pesaroso tentara de convencer a Rosa de que lle perdoara a sua arroutada, efecto dos ciumes e da carraxe que as faladurías espalladas pola envexa e a mala lei de Xan de Ventraces lle causaran. Rosiña, baixo a dirección do abade, non caudeceu, e negouse a casar con Martiño, dispóndose a entrar nun convento.

Un serán que Martiño ía esmoendo as súas mágoas, atopouse con Xan de Ventraces que ollou para el burlonamente.

—¿Ris de min?— preguntoulle o mozo estarrecido, sentindo ferverlle o sangue nas veas.

—¿Pois non? Coidabas casar coa moza máis fermosa da vila... e a remate quédaste sen ela ¿non é para rir un de ti?

—¿Ti, ladrón de honras? ¡Fólgome deso! Así como así, teño unha conta que arranxar contigo e vouno facer agora...

—Cando queiras; non me pos medo.

—Pois abonda de parolas. ¡Cara a Soutoverde, Xan!

—¡Cara a onde queiras, Martiño!

Pola mañá do outro día, no monte de Soutoverde, sobre o marco dunha herdade, había unha estaca encravada e no mesmo cuturiño dela unha lingua pendurada. Moita foi a xente que alí se achegou para vela. Uns dicían: —É dun bácoro... —Outros: —Mais dunha besta semella polo longa que é.

En cabo, sóubose que aquela lingua era de Xan de Ventraces, que atoparon esmaiolado polo sangue que perdera, tendido no chan, e sen que puidera dar fala porque lle mancaba aquel orgo. Mais, como non falaba non se puido saber endexamais quen fora o autor daquel feito.

Rosa meteuse freira no convento de Allariz, e Martiño foise atrás dela a morar nunha casoupa que había entestada a aquel, para estar preto da comunidade en que a súa inesquecible e amada Rosiña se tiña enclaustrado.

¡Pobre rapaz! Unha noite do mes de Nadal, fría e neventa, en que Martiño —mellor poderiamos dicir, a súa sombra; pois tal semellaba o coitado—, fitaba os ollos na enreixada fiestra da cela do convento, onde se lle figuraba que aparecía o rostro pálido de Rosa, foise esvaíndo, esvaíndo sen folgos xa para se soster en pe, e caeu no chan, esmorecido. E...

Sobre o seu corpiño morto
Quediña, quediñamente,
Ían caendo, caendo...
As folerpiñas da neve.

(Versión de LEANDRO CARRÉ ALVARELLOS: *As lendas tradizonaes galegas.* Porto. s./a. Páxs. 80-83.
Cómpre salientar que xa o mesmo recolector recoñece a recreación que fai da lenda, sentíndose debedor da recreación poética do mesmo tema levada a cabo polo ilustre poeta galego M. CURROS ENRÍQUEZ).

O RÍO MIÑO

Cando a Virxe andaba polo mundo co seu Neniño, chegou á beira do río Miño, e a corrente das augas producía un forte ruído que despertou ó Neno, que choraba sen consolo. A Nai, desesperada polos berros do seu fillo, dirixiuse ó río dicindo:

"Río Miño
pasa caladiño,
non despertes ó meu Neniño"

E dende aquela o río Miño corre en silencio e tranquilo.

(Versión dos arredores de Lugo).

LENDA DE SAN AMARO O PEREGRINO

Vida do Santo

Foi Amaro, un nobilísimo varón, ao parecer galego de nacemento, que, á morte dos seus pais, se atopou herdeiro dunha gran facenda.

Home piadoso e enteiramente cheo de fe, máis ben que en espiación de culpas pasadas, pois a súa alma "era branca como unha pomba", polos seus ímpetos relixiosos desprendeuse de tódalas súas riquezas en favor dos pobres e dos humildes, e fundou hospitais e asilos para os menesterosos, facendo ao mesmo tempo levantar mosteiros nos que se pedira a Deus o perdón dos pecados dos homes.

De toda a súa pasada grandeza, reservouse tan só aquela suma precisa para o desenrolo do pensamento que agarimoso acuciaba e que era o único ideal da súa vida cristiá.

Mandou construír forte e lixeira nave, na que, o mellor e máis xeitoso lugar estaba destinado a render culto a Deus, reservándose as incomodidades para os homes, como predispostos ao sacrificio polo amor a Xesucristo, e el e a súa tripulación, despois de ben provisto o buque, lanzáronse levando toda a súa confianza posta no Alto, en aventureira e longa expedición polos mares, sen máis guía que a esperanza e a fe, na procura do lugar do Paraíso onde moran as almas dos patriarcas profetas.

A viaxe

Entregados por enteiro á mercede da misericordia divina, nin os ventos máis desatados nin as máis desfeitas e violentas tempestades, fixeron minguar o ánimo dos

viaxeiros e sen se abater endexamais o seu espírito nin perde-la confianza posta en Deus, siguiron entre duras e continuas penitencias e mortificacións a súa peregrinación, durante días e días, meses e meses, anos e anos, pregando a cotío ao Señor lles permitira realiza-los seus desexos: mais a terra tan cobizada non se deixaba ver por ningures, toldada polas sombras do misterio.

Chegada ao porto

Compadecéndose Deus de tanta constancia e tan gran fe, permitiu que a nave de Amaro topase cun seguro e apacible porto nunha costa descoñecida e solitaria.

Unha voz interior, a voz que caladamente fala no peito dos escollidos, díxolle a Amaro que aquel tan alongado paraxe era o tan salaiado que buscaba e que dera ao fin con el, tras tantas e tantas zozobras e perigos continuos.

Deixou, pois, o santo no porto a súa embarcación, á que lle puxera o seu nome, non por vanidade senón por misterioso impulso, ao que non se puidera liberar e ordenando aos seus compañeiros que alí o agardaran, largouse valentemente cara a terra adentro, non levando outro apoio e defensa que un báculo de forte pau de toxo e sen outra provisión algunha, cheo de confianza Naquel que proveendo de alimento aos paxariños, non había de deixar morrer de fame ao seu devoto servo.

En procura do Paraíso

Inda ben non dera comenzo á súa camiñata xurdiu ante dos seus ollos, agria e impoñente serra, cal se o chan lanzara á conquista do ceo, serra que dende a bordo non tiña visto.

Por máis que lle parecía tela preto, canto máis camiño facía, día tras día, e noite tras noite sen case descansar e alimentándose das raíces que topaba, xamais podía chegar a aquela, semellante aos desexos que magoan aos humanos que por cerqueira que se crea telos, a súa realización, tarde ou nunca se chega a ver realidade.

Monte arriba

Por fin chegou a tripar as faldas da serra. Esmagado do corpo, canso e desfeitos os pes, mais co ánimo enteiro aprestouse á fatigosa subida daquelas enfestas que semellaban se perder no Ceo.

Moitísimas foron as dificultades que lle saíron ao paso; mais logrounas vencer todas e asentou as súas prantas triunfadoras no cume máis alto.

Dende alí ollou a vertente oposta e albiscou un val ridente no medio do que se erguía un muro branquísimo que no seu centro deixaba ver unha altísima porta de ouro, ornamentada de pedras preciosas nas que, en múltiples e vivísimos reflexos, que ferían a vista, desfacía o sol as súas brillantes raiolas.

Non dubidou, Amaro, nin por un só momento que aquel tiña de se-lo tan cobizado lugar dos seus longos desvelos, e reposto da santa emoción que o embargaba, axeonllouse reverente dando gracias a Deus por lle permitir o ardente desexo da súa alma fervorosa e crente.

Chegada ao Paraíso

A baixada foi fácil e cómoda. Ás asperezas que deixara atrás, sucedéronse vieiros deleitosos, de céspede mol, e embalsamados os aires polo perfume das abundantes flores que os bordeaban.

Chegado ao muro, co máis santo dos respetos chamou timidamente na porta, primeiro cos cotenos, e non tendo resposta, fíxoo logo un pouco máis forte co caxado.

Correuse, ao fin, unha a modo de plancha, e deixou ver unha admirable e ben labrada mirilla, que semellaba delicado encaixe. Tras dos ferros que a defendían viuse aparecer o nobre rostro dun venerable vello, de longa e poblada barba branca cal folerpas, o que co aspecto máis severo, á par que non desprovisto de dozura, preguntou quen era o ousado e atrevido que chamaba a aquela porta, turbando a paz, sosego e silencio que reinaba en tan santa mansión.

Díxolle, Amaro, o seu nome e o fin que fora o norte da súa viaxe, pregando humildemente autorización para penetrar, sequera fose por breves momentos, naquela paraxe do Paraíso.

Repricoulle o ancián, que era nin máis nin menos que o patriarca Henoch facéndolle saber que a súa demanda non podía ser atendida pois endexamais home en carne mortal podería entrar onde moran os xustos e benaventurados, e que o mellor que faría tiña de ser de da-la volta, que abondo fortuna tivera con chegar onde ollos humanos non puxeran nunca a súa vista.

Impetrou de novo clemencia o piadoso Amaro, demandando encarecidamente que xa que non a entrada, lle fora sequera permitido ollar algún tempo a través da mirilla, para se gozar na contemplación das delicias celestiais.

A visión do Ceo

Moveuse a piedade o Santo Patriarca e obedecendo a designios do Alto, otorgoulle o don pedido; mais non

ben tiña aplicado a súa vista o devoto peregino, ordenoulle Henoch que deixara o sitio e se afastara pois xa estivera mirando tempo abondo. E pechou a mirilla.

Todo cheo de aflicción polo curto da súa contemplación deu a volta o noso bo Amaro. As maravillas da gloria foran para el, cal visión axiña esvaída e das que, como San Pablo ao subir ao terceiro ceo, non atinaba a se dar conta.

O miragre

Dirixiuse, Amaro, en procura da súa nave e da súa xente e trasposta, agora facilmente a montaña, en de chegando a terra cha ollou inutilmente en tódolos sensos pois non descubriu unha nin outra. Mais xulgou se ter trascaburrado no camiño pois fora moi curto e non tardara en recorrelo senón un día, cando empregara moitos na súa ida. Amais en troques da soidade na que deixara os seus, vía nas beiras do mar, que enchían numerosas embarcacións unha gran e populosa cidade, sobre da que descollaban, cal raíñas e señoras, as erguidas torres dunha igrexa. Grandes fatos de xentes, o mesmo por mar que por terra, dirixíanse cara á urbe.

Como chegaba a noite, determinou Amaro ir el tamén ao pobo en busca de casa cuberta, para descansar e largar á mañá seguinte en busca dos seus. Mais antes quixo mata-la sede que o esligaba facía longo rato bebendo nun claro regato, e chamoulle a atención, ao se ver reflexado nas augas, o vello que estaba e a brancura do seu pelo e barba, mais achacouno ás penalidades da súa empresa.

Xa entre medias dos camiñantes ao se misturar con eles, dirixiuse cara ao templo para face-las súas cotiás

ben tiña aplicado a súa vista o devoto peregino, ordenoulle Henoch que deixara o sitio e se afastara pois xa estivera mirando tempo abondo. E pechou a mirilla.

Todo cheo de aflicción polo curto da súa contemplación deu a volta o noso bo Amaro. As maravillas da gloria foran para el, cal visión axiña esvaída e das que, como San Pablo ao subir ao terceiro ceo, non atinaba a se dar conta.

O miragre

Dirixiuse, Amaro, en procura da súa nave e da súa xente e trasposta, agora facilmente a montaña, en de chegando a terra cha ollou inutilmente en tódolos sensos pois non descubriu unha nin outra. Mais xulgou se ter trascaburrado no camiño pois fora moi curto e non tardara en recorrelo senón un día, cando empregara moitos na súa ida. Amais en troques da soidade na que deixara os seus, vía nas beiras do mar, que enchían numerosas embarcacións unha gran e populosa cidade, sobre da que descollaban, cal raíñas e señoras, as erguidas torres dunha igrexa. Grandes fatos de xentes, o mesmo por mar que por terra, dirixíanse cara á urbe.

Como chegaba a noite, determinou Amaro ir el tamén ao pobo en busca de casa cuberta, para descansar e largar á mañá seguinte en busca dos seus. Mais antes quixo mata-la sede que o esligaba facía longo rato bebendo nun claro regato, e chamoulle a atención, ao se ver reflexado nas augas, o vello que estaba e a brancura do seu pelo e barba, mais achacouno ás penalidades da súa empresa.

Xa entre medias dos camiñantes ao se misturar con eles, dirixiuse cara ao templo para face-las súas cotiás

oracións e darlle rendidas gracias a Deus pola protección que lle dispensara na súa viaxe.

Ao demandar aos seus compañeiros de camiño a advocación da igrexa, grandiosa pola súa magnificencia e extensión, non se quedou pouco pampo ao lle dicir que era a de *San Amaro,* sendo cada vez maior o seu espanto ao lle engadir que a cidade se chamaba tamén *San Amaro,* en recordo do seu santo fundador, un venerable peregrino que chegado a aquel porto, dende longas terras, había uns 300 anos, no mesmo día en que se encontraban, ordenara á tripulación do buque que o levara, e que tiña o nome do seu dono, que alí o agardara, San Amaro internouse polo país adiante, e nunca xamais se volveran a ter noticias súas.

A tripulación, cumprindo as ordes que lle deran, siguiu esperándoo, e ela foi a que botou os cimentos da cidade no primeiro aniversario da partida do que tiñan xa por santo.

Posta baixo do seu patrocinio, axiña medrou e non se tardou en levantar o templo en honra a varón tan santo e milagreiro como o tiña probado ao correr do tempo. En acción de gracias polos beneficios alcanzados por santo tan avogoso, cal era San Amaro, tódolos anos no seu aniversario, celebrábao o pobo con festas e regocixos, tributándolle ao mesmo tempo a súa gratitude coas máis grandes solemnidades relixiosas.

Así, Amaro, entendeu can grande é o poder e sabidencia de Deus Noso Señor e como este llas amostrara no que el entendera fora tan só rápido instante.

Santa morte de Amaro

Nada lles dixo o Santo aos seus acompañantes. Procurou chegar canto antes á igrexa e despois de postrarse

diante a Santidade de Xesús Sacramentado a quen adorou reverentemente, presentes clerecía e fieis fixolles exacta relación do que lle acontecera. Tan pronto rematou, o mesmo que o frade de Armenteira, entregou a súa alma ao Creador de Ceos e terra; mais antes de exhalar o seu derradeiro salaio, antes de deixar a compaña dos homes á que volvera por curtos momentos, puido repetir Amaro, o que o Apóstolo San Pablo, dixo na súa Epístola I aos corintios:

"Os ollos non viron, nin os ouvidos escoitaron, nin o corazón do home sentiu, canta e que grande é a felicidade que Deus prepara aos que o aman".

Versión recollida en Figueiroa (*Abegondo-A Coruña)* e publicada por E. CARRÉ ALDAO en "Nós", nº 19. Ourense, xullo de 1925, páx. 7 e ss.

SAN ANDRÉS DE TEIXIDO
(Cedeira-A Coruña)

O santo apóstolo San Andrés, que se atopaba naquel arredado curruncho, isolado e senlleiro, andaba decote tristeiro de ver as grandes peregrinacións que de toda a parte do mundo cristián ía camiño de Compostela para facer oración diante do sartego de Santiago, malia das penalidades que tiñan de sufriren, en troques o seu santuario víase baleiro, malia de que facía tamén milagres e sandaba malados que serían incurables sen a súa axuda protectora.

E disque, di a lenda, o bo do Santo Andrés percorría os camiños vagarosamente, e diriamos que un pouco

amuado se non for santo; pero se non amuado, moi contento non había andar tampouco.

Un día, no decurso dunha das súas longas camiñadas en que ía cavilando na súa pouca sorte, achouse supetamente ante Noso Señor que viñera á nosa terra para ver como andaban as cousas, e ao velo el Señor preguntoulle:

—Véxote tristeiro, Andrés, ¿que é o que che acontece?

E San Andrés, aproveitando o ensexo, respondeulle:

—Divino Mestre: ando tristeiro porque, vexo que de todo o mundo veñen xentes visitar o teu discípulo Santiago, que está en boa terra e ten bos camiños para chegaren onda el; e sofren e padecen nos longos días das lonxanas romaxes... —e con toda a humildanza, engadiu— En troques ninguén vén a pe de min; o meu santuario está decote vougo, coma se eu non for tamén o voso discípulo, non menos fiel e celoso do ben para tódolos homes.

Noso Señor, amerceado e ollándoo con agarimo, díxolle entón:

—Dis ben, Andrés, e ti non has ser menos do que Xacobe. De hoxe en diante prométoche que ninguén ha entrar no ceo sen ter visitado o teu santuario, polo menos unha vez na vida; e aquel que o non fixer de vivo facerao despois de morto.

E así foi, e por eso dise:

A San Andrés de Teixido,
Vai de morto o que non vai de vivo.

(Fragmento da versión recollida por L. CARRÉ ALVARELLOS: *As lendas tradizonaes galegas.* Ed. Museo de Historia e Etnografía. Porto s./a. Páxs. 72-74).

DA ROMAXE A SAN ANDRÉS DE TEIXIDO

Van uns mozos de romaxe a S. Andrés de Teixido. No camiño atopan unha caveira, un deles dálle un puntapé e os outros animados polo exemplo, axudan, levándoa deste xeito ata preto do Santuario. Cando xa non lles falta moito para chegar ó cabo da súa excursión, un dos peregrinos di de deixala; pero contesta outro compañeiro: "Xa que queda pouco camiño, levémola ata alá, e inda podemos convidala a comer connosco". Chegan a S. Andrés; e alí a caveira tórnase por completo en cabeza de cristián e dilles ós mozos: "Moitas gracias, meus amigos, pois coa vosa axuda puiden chegar ata aquí e desta maneira facer a romaxe que non fixen en vida".

Relato recollido en Lalín e publicado en "Nós", nº 95, 15-XI-1931.

G. LOBOS E LOBISHOMES

LENDA DE LOBOS DO CRUCEIRO DA GÁNDARA

No lugar de Cerqueiras da parroquia de Santa Cristina de Vea, concello da Estrada, e de frente da capela da Gándara, dedicada á Virxe de Aránzazu, tópase un cruceiro barroco de boa arte popular. Ten no varal de sección poligonal a figura dun frade francisco con palma na man dereita que ben puidera ser San Antón aínda que sen neno; na cruz presenta a Cristo encravado, por unha banda, e pola outra a Virxe triunfante, cos brazos abertos como no pasamento da Ascensión, con anxos todo ó redor.

No basamento ten este epígrafe:

JUAN DE PORTO Y CATALINA DE RIBEIRA SU MUGER PAGARON ETA OBRA AÑO 1742.

Nunha das faces do varal esta outra bastante comesta xa polo tempo:

ANTE ES/TE CRUCE/RO..... VN/..... SALVE/..... APEDIMI°/DE QUIEN/LO MANDÓ/HACER AÑO/DE 1747.

Os veciños do lugar Francisco Barcala Sinde e Xosé Barcala, duns corenta e cinco anos, contáronnos a lenda do erguemento do cruceiro manifestando que, cando o lugar de Cerqueiras era todo unha carballeda, había moitos lobos nel e certo día leváronse as feras unha meniña, filla dos Xan do Porto e Catalina de Ribeira que figuran na inscrición do cruceiro. Buscaron os pais á nena inzados de dor sen topala por ningures. Acudiron entonces á Virxe que na capela recibe homenaxe e pregaron acesamente. Cando voltaron a buscar deron coa nena viva e sa acariñando un lobo morto que á beira tiña. Os pais agradecidos fixeron erguer o cruceiro que alí está.

(Versión de F. BOUZA-BREY; Publicada en "Nós", nº 97. Ourense, 1932. Páx. 20.

O LOBISHOME
(Doiras, Cervantes, Lugo)

Moraba ¡hai xa que tempo! —nunha aldea das montañas de Cervantes (Lugo), un home xoto de carácter que se enrabechaba por calquera cousa, e estocaba que poñía medo.

Este home tiña un fillo que era xa un mozallón; bo rapaz, amigo das nenas e das romaxes e festas, inda que lle non viraba as costas ao traballo. Dicía el que "cada cousa ó seu tempo"; e de acordo con tal dito así facía.

Mais o pai quería telo decote turrando do legón e lle non apracía que se o mozo divertira, porque as xoldas gastaban as forzas que cumprían para o traballo. Un día rifaron pai e fillo por mor de que o rapaz quería ir á festa

de Pedrafita e o pai teimaba en que fose facer unha queimada.

—Nun día de festa non se traballa, que é pecado —dicía o mozo—; e a queimada se se non fai un día faise outro; mais, a festa, pasado o seu día pasou a romaría, e a festa perdeuse.

—O que se non fai é ir de gamberna cando hai un labor que atender.

Ningún dos dous quería caudecer. En cabo o pai alporizouse e berrou:

—¡Pois vaite á festa, e como vas atrás das mozas, así permita Deus que andes atrás das lobas!

¡Nunca tal dixera!

Unha noite o rapaz acordou na cama; sentíase desacougado, non tiña parada, e rematou póndose os calzóns e saíndo á eira. Como unha forza extraña, empurrábao cara ó monte e botouse a camiñar pola encosta arriba. Chegou a un lameiro e emborcallouse na herba humedecida polo orballo da noite. ¿Por que facía aquelo? Non o sabía. Mais, aconteceu que cando tentou de se erguer, non puido; estaba a catro pes, e a catro pes botou a correr cara ó cumeiro do monte, oubeando coma un lobo, e atrás das lobas andou coma can adoecido.

Na aldea falouse moito da desaparición do mozo. Falouse tamén dun lobo arnal que xa tiña esgolado moitos años e deixara mortos algúns carneiros.

O pai do rapaz desaparecido encomenzou a escismar no caso; lembrouse da súa maldición e estarreceuse. ¿Aquel lobo sería o seu fillo?

Entón foi ver unha velliña moi vella que disque era meiga e contoulle a cousa.

—¡Ai, home —díxolle a vella— a maldición do pai é o máis malo que poida haber para un fillo! Un pai non debe amaldizoar o seu mesmo sangue. Mais, se el é, haiche un remedio para voltalo á vida dos humanos. Non é cousa doada, pois pódeselle causar a morte, ou el mesmo pódeche matar a ti, porque como fera que é perdeu todo o senso dos homes.

—¿E que hei facer, daquela?

—Ve se podes facerlle sangue; mais que non sexa cousa de morte, nin sequera de aleixamento ou mancadura; porque se lle fixeres moito mal, ese mal quedaríalle ao recobra-lo seu ser.

Saíu caviloso o vello de casa da meiga, e moito cavilou de volta para a súa casa en como había facer. Mais, inda que se vira en perigo de morte, mellor quería morrer que saber o seu fillo perdido daquela maneira.

A noite seguinte decidiu ir en procura do lobo. Non quixo levar a carabina porque era de moito perigo. Armouse nada máis dun coitelo; mais portou consigo un rexelo, e atouno ó pe dunha toxeira onde el se agachou entre unhas uces co coitelo na man.

A media noite viu como o rexelo se estarrecía alporizado e asmou que o lobo se achegaba. Despois sentiu un lixeiro peto, coma dalgunha cousa que tombaba, poida que o chouto do lobo para trabar no carneiro; un espernexar do animal... Paseniñamente, caladiñamente, achegouse... ¡Alí estaba o lobo! Chantaba os dentes nas carnes moles do rexelo sen se decatar da súa presencia.

Como temendo ferir de máis, espetoulle no lombo a punta do coitelo que ceibou axiña no chan. O lobo revirouse arregañando os dentes. O home botoulle os brazos

ao pescozo chamándolle; ¡Fillo, fillo! e pedíndolle perdón, salaiando.

Daquela a pelexa do lobo encomenzou a se abrir pola ferida, e coma se for un folecho foise desprendendo do corpo. Unha sacudidela, un emborcallarse entre as uces e toxos, e o rapaz ¡o seu fillo! que recobraba o ser, esmaiolado, mais tal como el era antes de amaldizoado.

(Versión de LEANDRO CARRÉ ALVARELLOS: *As lendas tradizonaes galegas.* Porto, s/a. Páxs. 26-27).

O LOBO DA XENTE DE PRADO
(Viana-Ourense)

O outro *lobo da xente,* famoso en terras de Viana, é o *lobo da xente* de Prado. Trátase dun mozo que nunha ocasión estaba cortando, molime en compaña do seu pai e, chegada a hora do xantar, sentáronse a comer un anaco de pan, dicindo o fillo:

—O que eu comía de boa gana a estas horas era unha miga de carne; o pan seco non entra ben.

Ó que lle contestou o pai:

—Nunca falto de carne te vexas. Onda lobo da xente te volvas, para que nuncha che falte.

Aquel mesmo día desapareceu o maldito, comenzando as súas malfeitorías aterrorizando a comarca polo gran número de víctimas que enguliu. Víase a miúdo en forma humana: dunha vez preparábase para emborcallarse na bosta dunha vaca coa intención de transformarse en lobo e devorar unha rapaciña, pero chegando o pai da nena preguntoulle que estaba facendo:

ao pescozo chamándolle; ¡Fillo, fillo! e pedíndolle perdón, salaiando.

Daquela a pelexa do lobo encomenzou a se abrir pola ferida, e coma se for un folecho foise desprendendo do corpo. Unha sacudidela, un emborcallarse entre as uces e toxos, e o rapaz ¡o seu fillo! que recobraba o ser, esmaiolado, mais tal como el era antes de amaldizoado.

(Versión de LEANDRO CARRÉ ALVARELLOS: *As lendas tradizonaes galegas.* Porto, s/a. Páxs. 26-27).

O LOBO DA XENTE DE PRADO
(Viana-Ourense)

O outro *lobo da xente,* famoso en terras de Viana, é o *lobo da xente* de Prado. Trátase dun mozo que nunha ocasión estaba cortando, molime en compaña do seu pai e, chegada a hora do xantar, sentáronse a comer un anaco de pan, dicindo o fillo:

—O que eu comía de boa gana a estas horas era unha miga de carne; o pan seco non entra ben.

Ó que lle contestou o pai:

—Nunca falto de carne te vexas. Onda lobo da xente te volvas, para que nuncha che falte.

Aquel mesmo día desapareceu o maldito, comenzando as súas malfeitorías aterrorizando a comarca polo gran número de víctimas que enguliu. Víase a miúdo en forma humana: dunha vez preparábase para emborcallarse na bosta dunha vaca coa intención de transformarse en lobo e devorar unha rapaciña, pero chegando o pai da nena preguntoulle que estaba facendo:

—Buscando unha agulla que me caeu —respondeu e cando xa estaba un pouco lonxe, engadiu:

—Sorte tiveches vir hoxe por aquí, senón íache come-la filla.

Noutra ocasión en que tamén estaba en forma humana, a fame e o frío obrigárono a pedir amparo na casa dun amigo de Soane (Viana), quen de moi mala gana o deixou entrar na súa casa nunha fría noite de inverno, para que se quentase e comese. Pasaban as horas sen que saíse da casa, e o temor do amigo ía aumentando, porque non facía caso ós rogos e razóns que lle facía para que marchase, véndose na necesidade de botalo case á forza, cerrando a porta en canto pasou a soleira da casa. Isto salvouno dunha morte segura, pois no mesmo intre transformouse en lobo, rabuñando a porta e tentando tirala abaixo.

Por fin matárono cando estaba en forma humana. Para iso agardaron na ponte, logo de preparar unha pedra e unha corda cun nó corredizo. Botáronlle a corda ó pescozo cando ía pasa-la ponte, e guindárono no río onde afogou.

(Versión de L. PRIETO: *La zoantropía en Galicia.* Zephyrus. IV. Salamanca, 1953. Páxs. 357-358).

A MULLER-LOBO
(Loureses-Blancos-Ourense)

"Había alá en tempos en Castela un pai que tiña moitas fillas e unha delas comía moita carne, canta máis lle daban, máis comía. E un día o pai díxolle: "inda vaias

comer carne cos lobos ó monte''. Foi *palabra maldita* —di o noso informante— que naquela mesma noite, desapareceu sen saber que foi feito dela. Saíu e embor-callouse na area e volveuse *unha fada* e unhas veces andaba de lobo e outras de muller. Foi *desandando, desandando* ata que chegou ó Cebreiro e ás Canellas de Agras de Tosende (Ourense). Por estes montes andou moito tempo de *capitana dos lobos,* facendo moitos estragos na facenda e na xente (esto cando estaba de lobo). O paradeiro era no monte do Cebreiro. Cando estaba de muller acendía o lume e xuntábanse os lobos derredor dela, e non lles deixaba facer mal ningún a ninguén.

E unha vez que viñan os do sal de Portugal, cando o sal estaba estancado, os lobos quixéronse botar a eles para os comer, e ela non os deixou dicíndolles: ''Quietos, deixádeos pasar''. Así andou moito tempo, ata que *lle levantaron a fada.* Adoitaba ela ir comer fariña a un muíño e unha vez cadroulle de estar o amo dentro e quíxose meter por baixo da porta como sempre, e ó meter unha pata, viuna o muiñeiro e cunha navalla quíxolle cortar unha perna e ó principiar a cortar, foi e *meteu un berro* e volveuse unha muller. Así que se viu muller, tratou de ir para a súa casa preguntando de pobo en pobo ata que chegou á casa, e cando chegou tiveron moita alegría os da casa. Para o verán que seguía foron os de Tosende á sega a Castela e foron segar á casa da tal; entón preguntoulles de onde eran, dixéronlle que eran de Tosende e de Aguís: ''Pois eses pobos coñecíallos eu ben, e coñezo o Cebreiro e as canellas de Agra''. —''¿E logo como é para as coñecer?''—. ''Pois tiven que andar por alí de fada, e fixen moitos estragos e por ningún tiven tanta pena como por un rapaz que comín, e eu estábao despedazando e el rindo cara a min''. E pois inda se fala

por alí desa fada e agora que se estaban moi a gusto dende que ela faltara''.

(Versión recollida por VICENTE RISCO: *Un caso de Lycantropía*. Ed. Real Academia Galega. A Coruña, 1971. Páxs. 22-23).

H. OUTROS RELATOS LEXENDARIOS

A DONIÑA CERVA

Din que hai moitos anos, cando aínda os avós dos nosos avós non foran nados, moraba nun castelo de terras de Cervantes (hoxe da provincia de Lugo), un señor chamado Froyaz, xa máis que de media idade, que tiña dous fillos: o máis vello, levaba por nome Egas, e a súa irmá Aldara.

Os dous irmáns queríanse moito, e inda que a terra por alí é moi fraguenta, algunhas vegadas ían xuntos dar un paseíño de a cabalo.

Aldara, que era unha moi belida doncela, tiña un namorado admirador, o xoven Aras, fillo do señor doutro castelo da mesma bisbarra, e como os pais se non levaban mal entre eles, semellaba que o casamento non habería se demorar moito tempo.

Mais, un serán á hora do xantar non apareceu Aldara no seu adoitado lugar. Preguntou seu pai por ela, e preguntou tamén o seu irmán. Ninguén soubo dicir nada; ninguén imaxinaba onde podería estar. Rexistrouse o

castelo todo de arriba abaixo; mais Aldara non apareceu. En cabo, un besteiro que estivera de garda na porta do castelo, dixo como a tiña visto saír polo mediar da tarde e que lle pareceu que ía cara ó riacho que corría ao pe do monte onde o castelo asentaba.

Temendo unha desgracia, alá foron pai e fillo, con escudeiros e criados, a percorrer a ribeira. Nada puideron atopar malia dunha esculca detida e miudeira.

Enviaron daquela un mensaxeiro ao castelo de Aras. O coitado presentouse desconsolado, na compaña das súas xentes, e todos xuntos encomenzaron unha busca xeral polos montes e fragas dos arredores e polas pallazas e rueiros, mais, sen obteren mellor resultado.

Despois dalgúns días de pescudas inútiles, e xa dada por definitivamente perdida Aldara, imaxinaron que tiña sido morta por algún porco bravo ou por algún oso, e poida que esnaquizada e comesta polos lobos.

Pasou moito tempo; xa ninguén se lembraba de Aldara, senón o pai e mailo irmán, que tiñan ás veces aínda un recordo para ela xulgándoa morta.

Un día Egas, indo de caza, chegou a unha valiña en procura dunha pita monteira. Cando viña xa de volta para o castelo coa súa peza encolgada da cinta, quedou sorprendido ao ver unha fermosa cerva branca coma o ampo da neve rebrincando ledamente.

Armou apresadamente a besta e con certeiro tino enviou unha frecha á cerva que, ferida de morte, caeu derrubada sobre a herba.

Foi tan súpeto o encontro que se non lembrou de que estando só e a pe non podería levar aquela preciosa carga.

Daquela, co seu coitelo de monte cortou unha das patas dianteiras da cerva; gardouna no fardel, e reparando ben no lugar onde se atopaba, cavilando en voltar cos criados que puideran recoller e transportar a cerva, botouse a camiño do castelo.

Mais, cando chegou, contando ao pai a súa cazata, tirou do fardel a pata da cerva.

Entrambos ficaron estarrecidos: no canto da pata, o que Egas atopou no fardel foi unha man; unha man fina, branca, donda; unha man de doncela fidalga. E nun dos dedos daquela man lucía un anel de ouro cunha pedra roiba. O anel que noutrora levaba Aldara.

Correron daquela en tola cabalgada monte arriba deica o lugar onde Egas derrubara a cerva. Alí estaba, deitada no chan, a propia Aldara, coa súa veste branca na que, onda o peito, unha grande mancha vermella sinalaba o punto por onde a frecha tiña ferido o corazón da coitada. E no brazo toco, mancáballe a man.

Aldara fora, sen dúbida, encantada en figura de cerva, e só coa morte recobrou o seu corpo de doniña.

¿Que mouro a encantou e por que? Endexamais puido saberse.

(L. CARRÉ ALVARELLOS: *As lendas tradizonaes galegas.* Porto, s/a. Páxs. 97-99).

A LENDA DOS MARIÑOS

Naqueles lonxanos tempos do feudalismo, aló polo século XIII ou XIV, vivía un conde chamado Froyaz, que moraba nun testo castelo. Era relativamente xoven e

solteiro, moi afeizoado á caza, e adoitaba percorrer a cabalo as súas largacías posesións e montes dedicado ao seu máis estimado apracemento, na compaña algunhas veces dos seus amigos veciños ou ben por algún dos seus escudeiros.

Unha mañá que camiñaba pola encosta dun monte achegado ao mar, albiscou a carón duns penedos do areal o corpo dunha muller que semellaba durmida, e estaba núa; mais non se lle vían ben as pernas por cousa das grandes pedras que coutaban a súa vista.

Cheo de curiosidade foise achegando caladiñamente; pero ao tripar as areas o cabalo piafou e o bruído que produciu acordou a dama, que segundo parecía era unha fermosa serea, e dispúxose a se mergullar na auga. Mais, foi tarde; tres escudeiros que ían na compaña de don Froyaz, tíñana xa rodeado apresadamente impedíndolle a fuxida.

Un dos escudeiros tirouse o seu tabardo e con el cubriu a serea; esta foi moi postiña no lombo dun cabalo e levada ao castelo de don Froyaz que, admirado da belideza daquela muller sentía estremecerse a súa carne varonil cunha emoción e unha inquedanza que endexamais tiña experimentado ata daquela diante de muller algunha. E quixo casar con ela.

Xa instalada na súa morada e vestida como cumpría mais atendida por varias doncelas, don Froyaz fíxoa bautizar; e como tiña saído do mar e no mar foi onde a achou, asmou que ningún nome lle acaía tan ben senón o de *Mariña,* e Mariña foi o seu patronímico.

Mais, dona Mariña era muda. Non sabía falar; e malia tódolos intentos que don Froyaz facía para lle deprender a pronunciar algunas verbas, a súa esposa, por moito que se esforzaba para dicir as frases máis simples, non o

acadaba, o que tiña atristecido o conde. E máis cando ao cabo dalgún tempo naceu o seu fillo primoxénito e viu como a nai o aloumiñaba con amor, bicábao con tenrura; pero non lle dirixía ningunha das parolas cariñentas coas que as nais adoitan se dirixir aos seus filliños queridos; as súas expresións eran soamente meirón que moitas vegadas remataban en bágoas por non podérenlle dicir coa voz toda a tenrura que sentía por el.

Chegou a véspera de San Xoán, e coma sempre en tal día, ao chega-la noite celebrouse no patio do castelo a festa conseguinte e acendeuse a tradicional lumerada. Don Froyaz gustaba de ver soazarse os seus servidores na brincadeira troula e folgábase coas xentes da súa casa, e alí presentouse como decote. Dona Mariña, que endexamais tiña presenciado tal espectáculo acudiu tamén, levando nos seus brazos o fillo das súas entrañas.

Daquela, cun súpeto e apresado movemento, don Froyaz arrincou o neno dos brazos da nai e achegándose á fogueira fixo o aceno de chimpalo entre as laparadas. Espavorida, dona Mariña púxose en pe e ceibou un berro, un brado arrepiante, e clamou: —¡Fillo!... E coa pavura que a sobrecolleu fixo tal esforzo que botou pola boca como un cacho de carne; mais falou. E dende aquela puido falar no adiante normalmente.

E todos choraban naquel momento, de emoción e de ledicia. E a festa proseguiu con maior reloucar e felicidade.

En lembranza do feito e por ter acontecido naquela data, chamáronlle ao fillo Xoán.

(Versión de LEANDRO CARRÉ ALVARELLOS: *As lendas tradizonaes galegas*. Porto. s/a. Páxs. 145-46.- Resulta esta lenda unha clara mostra dos temas lexendarios dos nobiliarios, pouco ou nada extendidos na tradición oral popular).

AS XACIAS

Unha xacia de Chouzán aparecéuselle a un pescador nun pozo do río e contoulle que se a bautizaba podería escapar do río e casar con el. O pescador ó vela tan guapa non resistiu á tentación e levouna á casa do cura para que a fixese cristiá e logo casou con ela.

Os fillos que tiveron, ó dicir dos veciños, non facían máis que estar sempre no río bañándose e lapexando auga. Ó vir dun traballo ou cando lles petaba na gana alá ían de cara ó río. O pai enfadábase por esto ata tal punto que un día rifou con eles e chamoulles fillos da xacia.

Tamén a muller rifaba con el ata que ela, despreciada e maldita, colleu o camiño do río e abandonouno para sempre, pero ó chegar a xunto das outras xacias estas matárona porque era cristiá. Cando lle veu o trasacordo ó home, marchou en procura dela e viu o seu corpo en cachos nadando nas augas do pozo.

A filla máis nova era a que adoitaba a ir co gando ó monte e unha xacia viña para xunto dela facéndose moi amigas, pois regaláballe grans raíña de millo que se lle volvían onzas de ouro na faltriqueira. Pero sempre lle dicía que non o contase a ninguén xa que se tal facía levaríana os mouros para sempre.

A pobre da rapaza, de nome Sabela, tivo a debilidade de contarlle a cousa a seu pai e un día que foi co gando ó monte non volveu máis.

Ó ver que a filla non viña co gando o pai botouse ó monte en procura da filla e andou ó redor do Castelo a ver se aparecía por algún lado morta ou viva.

Chamaba por ela, berraba, choraba, pero a rapaza non aparecía. Canso de chamar xa se volvía para a casa,

sen esperanza ningunha de dar con ela, e oíu unha voz fonda que desde o curuto do Castelo ameazaba:

—Sabeliña, Sabelón,
fritida está en aceitón.

E o home renegaba daquela xacia maldita que un día coñecera xunto do río.

(Versión recollida por NICANOR RIELO CARBALLO: *Escolma de Carballedo*. Ed. Castrelos. Vigo, 1976. Páxs. 107-108).

A LENDA DA ERMIDA DE ARANGA

Nunha ocasión, unhas mulleres que pasaban de noite por preto de Aranga (Betanzos, Coruña) sentiron soar unha campaíña por baixo da terra. Foron entón onda o crego, que veu con elas e comenzaron a cavar ata dar cunha cruz de ferro con adornos de cobre e unha coroa de prata que tiña unha campaíña que era a que as mulleres sentiran tocar. Esta cruz parece ser que despois foi roubada ou vendidos algúns anacos.

No sitio en que estaba a cruz, comenzou a manar unha fonte, de augas miragreiras. Arranxada a fonte e feita unha ermida naquel sitio, organizouse anualmente unha romaría que ten lugar o día 3 de Maio.

Á dita fonte, ermida e romaría fai referencia un cantar de por alí, que di:

Verdadeira cruz de Aranga
que has de dar ós teus romeiros:
auguiña da túa fonte.
sombra dos teus castiñeiros.

(Versión publicada por XAQUÍN LORENZO en "Nós", nº 99. Ourense, 15-III-1932. Páx. 49.

O TRONANTE DE SAN XOÁN DE MEDELA

Cóntase, e o conto vén xa de moitísimos anos atrás, que o cura de Santaia de Probaos (concello de Cesuras, partido xudicial de Betanzos), era un home tan bo e tan santo, que a súa sona chegaba máis aló das terras vizosas de Bergantiños e a Barcala. O día da festa do santo padroeiro, convidaba a xantar tódolos pobres que a Santaia ían, e había que ver o gorentoso caldo que para eles facía dispor o bo do abade, co seu touciño e chourizo e patacada farturenta, e para compaña seus bos moletes de pantrigo que el mesmo repartía en grandes anacos. E para todo había, gracias a Deus que lle deparaba ao bo crego nas súas terras labrantías fartas anadas de centeo e trigo que eran un milagre.

Queríano tanto os seus freigueses que no tempo das sementeiras, como no das ceifas e nas mallas, acudían compracidos en serviren a quen tanto lles valía e axudaba con consellos e concertos se por acaso tiveran desavenzas entre eles como adoita acontecer entre homes de tódalas castes.

Mais, o conto foi que un ano encomezou de chover, e grande treboada descargou cando a eira do señor cura estaba estrada de monllos e a malla ía xa por media mañá. Aquel ano foron moitos os ferrados de pan que perdeu o santo home e non poucos tamén os que apodreceron nas tullas dos seus freigueses.

O peor foi que no ano seguinte, tamén coincidindo coa malla do abade, outra medoñenta treboada estralou con grande estronicio e non pequenos danos para tódolos da parroquia de Santaia. E así aconteceu nos soseguintes anos, tan desaxeitadamente que, amañecendo días claros e limpos, de lucente sol, de súpeto toldábase o ceo e os

trebóns atroaban os campos ao tempo que as chuvias enxurradas o asolagaban todo.

Falábase de que aquelo non podía ser senón cousa do demo ou de meiguería; poida que a santidade e boas obras do señor cura atraeran en contra del e mais da súa parroquia as envexas doutras parroquias, ou que o mesmo demo quixer perdelo para ver de o condenar valéndose daqueles malos feitos para que el arrenegara de Deus que o tiña axudado sempre.

Mais, chegou un día que coidando que non terían máis sorte da que nos anos pasados, acudiron á casa rectoral dispostos para facer a malla se por acaso for posible. Era na véspera do San Xoán de Medela, que ten unha ermida preto de Santaia, na que se celebra romaría.

O crego, antes de encomezar a estrar a eira cos monllos, falou aos seus freigueses dicíndolles:

—Meus amigos, hoxe imos tentar novamente de mallar o noso trigo: teñamos fe en que Deus noso Señor e o bendito San Xoán de Medela han ter dor de nós e non nos deixarán da súa man. Rógovos que vos dispoñades para mallar; mais, pase o que pasar non fuxades da eira, nin teñades medo polo que poiderades ver, sexa o que for.

Despois deso, fixo levar á eira un vello armario que tiña na adega; meteuse dentro cun libro na man, e púxose a rezar.

Mais, cando xa os malladores despois de enringleirar os monllos estrados na eira encomenzaban a bourar voltexando os pértegos, estralou a treboada con máis forza que nunca. Os lóstregos e tronos sucedíanse sen acougo, e abríndose os nubarróns ceibaron a auga de que ían preñes. Os malladores tiveron un primeiro pulo de fuxida; mais, lembrando as verbas do abade, seguiron zoupando

cos mallos no trigo malia de que a chuvia a cada paso medraba en forza e cantidade. O señor cura seguía dentro do armario rezando e esconxurando.

De súpeto, ao tempo de estourar un trono arrecepido que fixo estarrecerse a cantos alí estaban na eira, viron caer do nubeiro coma unhas grandes torquesas de ferro, e pouco despois, tras doutro espaventoso estronicio, unhas zocas grandísimas, e logo nun algueireo do inferno tombou o "tronante", o causante das tempestades, ser medoñento, que semellaba un xigantesco mono, contrafeito, mouro e peludo talmente coma un demo do inferno, que estarrecía de o ver. Daquela saíu o señor cura do armario, co libro na man, berrando esconxuros e dicindo:

—¡Matádeo, matádeo para que endexamais poida facer mal a ninguén.

E os freigueses mallaron no tronante con máis forza e asaño que nos monllos do trigo enriba dos que caera. E a treboada e mais a choiva avagantaron, e voltou a saír o sol.

Mais disque soterraron ao espírito productor das treboadas coas zocas e mailas torquesas pe da ermida da San Xoán na mesma véspera da romaría, xa que pola súa intercesión se crebou o conxuro.

(Versión de LEANDRO CARRÉ ALVARELLOS: *As lendas tradizonaes galegas.* Porto, s/a. Páxs. 46-48).

O FERREIRO DE CASTRELOS
(Vigo)

Había en Castrelos un ferreiro que deixara decorre-los días da súa mocidade sen decatarse de que había mulleres no mundo, e chegando a vello deulle por se namorar tolamente dunha rapaza nova moi cobizada por tódolos mozos da freigresía. O ferreiro era rico e logrou facerse dono da mellor xoia de Castrelos; mais os mozos, xuramentados, lograron acedarlle a vida.

O vello namorado cravou as fiestras da casa, pechou a muller dentro e nin con eso logrou durmir un sono acougado, porque nas noites de ruada os mozos enchían o vento de cantigas de *maldicir* e o sangue do vello virábase solimán.

A muller do ferreiro era moi devota e á forza de bágoas logrou licencia para ir á misa tódolos días. A casa estaba a carón do adro, e a porta sur da igrexa daba dereitiño á porta da ferrería, de xeito que o ferreiro podía traballar ollando á súa muller na misa. Con todo e nin con eso a coitada tiña paz na casa de Deus, pois os ollos do seu dono feríana de lonxe con dúbidas noxentas.

Unha mañanciña chegou pola porta da ferrería unha vella lurpia, tida por meiga en todo Castrelos e nos seus arredores, e solermiñamente deitou nos ouvidos do ferreiro estas verbas pezoñentas:

—Por moitas voltas que lles deas, ti morrerás axiña e a túa muller casará... casará cun rapaz que sei eu...

Naquel intre a pobre casada, de xeonllos na igrexa, pedíalle paciencia a Santa María. O vello ferreiro fitouna e sentiu que se lle subía á cabeza un ramo de sangue. Endoudecido polos ciumes colleu un ferro e meteuno no lu-

me... Os folgos da ferrería traballaron de firme e o ferro púxose de contado dun roxo írtido, luminoso... Entón o ferreiro colleu o ferro candente e encamiñouse á igrexa, disposto a desfacer, diante de Deus mesmo, a fermosura da súa muller.

E Deus, o bo Creador de todo, non quixo que o ferreiro desfixese unha das súas mellores obras, e cando o ferreiro, cego de ciumes, ía entrar na igrexa, tapouse a porta supetamente cunha parede de pedra.

O miragre foi sonado naquel tempo e aínda hoxe a porta sur da igrexa de Castrelos aparece tapada.

(Versión recollida en CASTELAO: *Dúas lendas*. Nós. nº 73. Ourense, 1930. Páx. 9).

BIBLIOGRAFÍA

C. ALONSO DEL REAL: *Más sobre "el ciervo de pie blanco" y sus conexiones.* Cuadernos de Estudios Gallegos, tomo XXIX, Santiago, 1974-75.

F. BOUZA-BREY: *O paladín Roldán no lexendario da Galiza.* Separata do nº 22 da "Revista de Etnografia". Porto s/a.

—El tema romancesco del ciervo de pie blanco en la novelística popular gallega. En "Etnografía y folklore de Galicia" (1) Edicións Xerais de Galicia. Vigo, 1982.

LEANDRO CARRÉ: *As lendas tradizonaes galegas.* Ed. Museu de Etnografía e História. Porto, s/a.

FL. L. CUEVILLAS, F. BOUZA-BREY: *Os Oestrimnios, os Saefes e a ofiolatría en Galiza.* Arquivos do Seminario de Estudos Galegos. Tomo II. Santiago, 1929.

E. CHAO ESPINA: *Leyendas de Galicia y otros temas narrativos.* Imprenta Fojo. Ortigueira, 1981.

M. ELIADE: *Tratado de Historia de las Religiones.* Madrid, 1970 (2ª ed.).

J. FILGUEIRA VALVERDE: *Tiempo y gozo eterno en la narrativa medieval.* Edicións Xerais de Galicia. Vigo, 1982.

FOSTER, G. M.: *Treasure Tales and the image of the static economy in a mexican peasant community.* Journal of American Folklore. Vol. 77, nº 303 (1964).
Peasant Society and the Image of Limited Good. American Anthropologist, nº 67 (1965).
Tzintzuntzan. Ed. Fondo de Cultura Económica. México, 1972.

A. FRAGUAS: *La Galicia insólita.* Ed. Librigal. A Coruña, 1973.

P. de FRUTOS GARCÍA: *Leyendas gallegas.* Ed. Tres, Catorce, Diecisiete. Madrid, 1981.

J. M. GONZÁLEZ REBOREDO: *El folklore en los castros gallegos.* Ed. Universidad de Santiago. Compostela, 1971.
Algunos aspectos de la mitología popular gallega. Tese Doctoral mecanografiada. Universidade de Santiago. Facultade de Historia. 1974.
Verbas *Dona, encanto, fada, folklore, mitoloxía popular* e *mouro* en "Gran Enciclopedia Gallega". Silverio Cañada Ed.

C. LISÓN TOLOSANA: *Antropología Cultural de Galicia.* Ed. siglo XXI. Madrid, 1971.

L. MONTEAGUDO: *Palafitos: problemas y leyendas.* Revista de Dialectología y Tradiciones Populares. Tomo XII, cad. 1-2.

A. MORALEJO, C. TORRES, J. FEO: *Liber Sancti Jacobi. Codex Calixtinus.* Ed. Instituto "P. Sarmiento". Santiago, 1951.

R. PINÓN: *En cuento Folklórico.* EUDEBA. Buenos Aires, 1965.

V. RISCO: *—Da mitoloxía popular galega: os mouros encantados.* Nós, nº 43 e 45 (1927).
—Ensaio dun programa pró estudo da literatura popular galega. Nós, nº 56 (1928).
—Los tesoros legendarios de Galicia. Revista de Dialectología y Trad. Populares. Tomo IV, cad. 2-3. Madrid, 1950.
—Un caso de lycantropia. Ed. Real Academia Galega. A Coruña, 1971.
—Etnografia. Cultura espiritual. In Tomo I da *Historia de Galiza* dirixida por R. OTERO PEDRAYO. Bos Aires, 1962.

X. TABOADA CHIVITE: *Ritos y creencias gallegas.* Ed. Sálvora. A Coruña, 1980.

E. R. WOLF: *Los campesinos.* Ed. Labor. Barcelona, 1971.

TÁBOA

Páx.

LIMIAR 5
INTRODUCCIÓN 7
1. Consideracións sobre o concepto "lenda" 7
2. O estudio das lendas en Galicia 8
3. Criterios de selección da presente escolma 11
4. Do como e por que dos mouros encantados 13
5. Dos tesouros e das fórmulas de desencantamento ... 17
6. Suxerencias sobre os relatos de encantos femininos e de serpes 21
7. Roldán, Carlomagno, a cidade asulagada e os héroes cristiáns 22
8. Breves consideracións sobre outros temas lexendarios 24
9. Remate 26

ESCOLMA

A. MOUROS ENCANTADOS
Os mouros viven aínda baixo do castro 29
Os mouros e o porco 30
Lenda da "Casa da Moura" 30

Páx.

Lenda do castro de Marcelle 32
Encantos do castro de Cameixa 33
O castro de Vilar de Ferreiros 34
Lendas do castro de Santa Cristina 35
Orixe de Xurenzás 36
A parteira de Nine 37
O castro de Pedrouzos 38

B. LENDAS DE MOURAS

As mouras do castro de Souteliño 41
A moura do castro de Baínte 42
A moura do castro "Aira da Vila" 42
Teresiña e a moura 43
Sabeliña e a señora da Pena da Perra 44
A señora do castro de Vilaesteva 45
Lenda da Medorra da Barrela 46
Lenda do "Pozo Bastón" 47
A fonte Pormás 47
A moura de Arnoia 49
A fonte de Ana Manana 50
O castro Pedro 53
Mozas encantadas de Teixido 55
O encanto de Donalbai 57

C. TESOUROS E RIQUEZAS OCULTAS

Haberes de "O Castro" 59
Lendas do castro de Toldaos 60
A trabe de ouro e a trabe de alquitrán 61
O tesouro da Recadeira 67
O tesouro do castro de Trelle 69
Os tesouros do castro de Morgade 70
O tesouro da Illa de Ons 72
A galiña dos pitos de ouro e o encanto de Lañas .. 72
A moura dos copos de ouro 74

Páx.

D. LENDAS DE SERPES

A serpe do castro de Amboade 77
O adibal trocado en serpe 78
Lenda do mozo e a cobra 79
A cobra do encanto 79
Lenda do castro de Barán 80
Outra lenda da Fonte Formás 83
A señora do Castro Alegre 85
A serpe do castro de Troña 86
A cidade e a serpe do Outeiro de Rubiós 86
A Cova da Serpe 87
Outra lenda do "Cova da Serpe" 89

E. HÉROES FRANCOS E CIDADES ASULAGADAS

Don Roldán e as princesas 91
Lenda de Roldán e as tres costureiras de Puxares que se volveron pedras 93
Lenda da lagoa de Carregal 96
A cidade asulagada de Boedo 97
A lagoa de Cospeito 98
O lago de Doniños 99
Outra lenda do lago de Doniños 101
Lenda da lagoa de Antela 102
Lenda de San Martiño do Lago 103

F. A VIRXE, SANTOS E SANTUARIOS

Lenda da Virxe do Cristal 105
O río Miño 110
Lenda de San Amaro o Peregrino 111
San Andrés de Teixido 117
Da romaxe a San Andrés de Teixido 119

G. LOBOS E LOBISHOMES

Lenda de lobos do cruceiro da Gándara 121
O lobishome 122

Páx.

O lobo da xente de Prado 125
A muller-lobo 126

H. OUTROS RELATOS LEXENDARIOS
A doniña cerva 129
A lenda dos Mariños 131
As xacias 134
A lenda da ermida de Aranga 135
O tronante de San Xoán de Medela 136
O ferreiro de Castrelos 139

BIBLIOGRAFÍA 141

Este libro,
rematouse de imprentar
no obradoiro de
Artes Gráficas Galicia, S.A.,
na rúa de Segovia, 19, de Vigo,
o día 3 de setembro do 1992

Unha biblioteca basada nos feitos históricos, nos datos económicos, nas manifestacións estéticas e nas creacións populares da comunidade galega. Unha cultura cimentada na claridade e ao servicio de todos.

Biblioteca Básica da Cultura Galega.

UNIVERSIDADE DA CORUÑA
Servicio de Bibliotecas
1700083085

ISBN 84-7154-455-5
9 788471 544551

COLECCIÓN PATROCINADA POLAS DIPUTACIÓNS DE GALICIA